

ESTUDO DE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN GALICIA

Programa Fomento do autoemprego e
as iniciativas empresariais en Galicia:
Anima Galicia.

Cámaras
Fundación INCYDE




Unión Europea
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

**ACCIÓN
CONTRA
A FAME**



**ACCIÓN
CONTRA EL
HAMBRE**



Denominación:


Investigación acerca das oportunidades de negocio en Galicia

Ano:

2017

Realizado por:





Contido

INTRODUCCIÓN	7
1. OBXECTIVOS	8
2. DESEÑO METODOLÓXICO	11
3. O CONTEXTO EMPRENDEDOR	19
3.1. A CONTORNA ECONÓMICA E SOCIAL	20
3.2. EMPREGO E EMPRESA EN CIFRAS	24
3.3. EMPRENDEMENTO EN CIFRAS	33
3.4. OPORTUNIDADES DE EMPREGO E NEGOCIO EN GALICIA	45
4. ANÁLISE DAS ENTREVISTAS	47
4.1. SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA DE GALICIA	48
4.2. OPORTUNIDADES DE NEGOCIO	53
4.3. MEDIDAS PARA APOIAR A CREACIÓN DE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO	56
4.4. PROPOSTAS DE MELLORA	57
5. ANÁLISE DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN	59
5.1. SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA ACTUAL DE GALICIA E DAS DIFERENTES ZONAS OU COMARCAS	60
5.2. MULLERES E HOMES NO EMPREGO NA ZONA OU COMARCAS	62
5.3. MULLERES E HOMES NA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS NA SÚA COMARCA	64
5.4. PROPOSTAS	66
6. ANÁLISE DA ENQUISA	68
6.1. CARACTERÍSTICA DA MOSTRA	69
6.2. OBSTÁCULOS E PROPOSTAS PARA MELLORAS A CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS	79
6.3. CONCLUSIÓN DA ENQUISA	80
7. MAPA DE RECURSOS	81
7.1. ENTIDADES MÁIS RELEVANTES DE ÁMBITO GLOBAL EN GALICIA	83
7.2. RECURSOS PÚBLICOS E PRIVADAS DOS CONCELLOS CORRESPONDENTES ÁS COMARCAS DE A CORUÑA, SANTIAGO E A BARBANZA	88
7.3. RECURSOS PÚBLICOS E PRIVADOS DAS CIDADES MÁIS RELEVANTES DE GALICIA	112
8. CONCLUSIÓNS XERAIS	120
8.1. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DE GALICIA	121
8.2. ANÁLISE DE EMPREGO EN GALICIA	122
8.3. RECURSOS E ACCIÓN PARA A EMPREGABILIDADE	122
8.4. PERFIL EMPRENDEDOR EN GALICIA	122
8.5. RECURSOS E ACCIÓN PARA A CREACIÓN E A CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS	123
8.6. BARRERIRAS Á HORA DE EMPRENDER	124
8.7. RECURSOS E ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA MELLORAR A PRESENZA DAS MULLERES NO ENTORNO EMPRESARIAL	124
9. OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN GALICIA	125
10. PROPOSTAS DE MELLORA	139
11. BIBLIOGRAFÍA	142





INTRODUCCIÓN

A composición da estrutura social e económica da sociedade galega non é unha constante no tempo, xa que tanto as estruturas sociais como as interaccións económicas son cambiantes e evolucionan a medida que novas variables entran en xogo.

É por esta razón que Acción Contra a Fame (ACH) presenta este estudo acerca das Oportunidades de Negocio en Galicia tras analizar os cambios da distribución dos recursos dispoñibles de maneira que se poidan xerar accións de desenvolvemento ligados ao emprego, ás novas iniciativas emprendemento e á consolidación do tecido empresarial galego.

Os datos mostran que, trala crise internacional dos últimos anos, os indicadores da economía mundial, española e galega experimentaron un lixeiro crecemento. Sen embargo, esta melloría é moderada xa que existe un cambio estrutural e as desigualdades entre rexións e clases sociais son, cando menos, palpables.

Hai que dicir que se pon o foco en tres comarcas seleccionadas previamente: A Coruña, Santiago e Barbanza, co fin de coñecer de primeira man a realidade dos concellos que as conforman e así programar accións concretas para estes territorios.

Para levalo a cabo, recolleuse información relacionada coa situación empresarial e de posibilidades de emprego das distintas zonas, utilizando tanto fontes secundarias (estudos, informes, bases de datos, etc.) como primarias (enquisa a empresas galegas, entrevistas a axentes clave e grupos de discusión con persoas relevantes das comarcas sinaladas).

O estudo e análise dos datos obtidos permítenos acadar unha idea bastante próxima da situación laboral e empresarial, constatándose que existe unha clara descompensación entre as zonas rurais e urbanas e que os recursos que se están a ofrecer por parte das entidades públicas e privadas non son suficientes, ou non son percibidos como suficientes polos axentes clave. De feito, algunhas das propostas que veremos no presente estudo céntranse en mellorar a coordinación e a profesionalización dos entes que ofrecen asesoramento laboral e empresarial, fomentando así a mellora das habilidades e competencias tanto de homes como de mulleres.

Por outra banda, existe unha clara preocupación no ámbito internacional acerca da situación da muller e o seu desenvolvemento no mundo laboral e empresarial. Para abordar este tema realizouse unha investigación transversal para coñecer cal é a realidade galega e así poder implantar posteriormente medidas ao respecto.

Finalmente, grazas ao proceso investigador, coñécense os sectores en auxe que existen en Galicia e nas diferentes comarcas, aportando unha perspectiva futura tanto para as persoas que implantan proxectos de desenvolvemento local como tamén para as persoas que están na busca da súa oportunidade laboral e empresarial.

A investigación realizouse durante o segundo semestre de 2017.



1

OBJECTIVOS



1. OBXECTIVOS

O obxectivo principal do presente estudo é o de analizar as oportunidades de negocio en Galicia, así como propor un mapa de recursos económicos endóxeos. A tal fin, séguense tres niveis analíticos:

Análise da situación económica e do perfil emprendedor en Galicia

Este primeiro nivel analítico implica a cuantificación, por medio da exploración de fontes de datos secundarios e a obtención de datos primarios, da situación económica e do perfil emprendedor en Galicia.

Análise das oportunidades de negocio en Galicia

Análise das oportunidades de negocio manifestas e latentes en Galicia, así como as dificultades no acceso e a permanencia das mulleres no entorno empresarial.

Detección dos recursos e accións en favor do desenvolvemento económico de Galicia

Investigaranse as accións específicas desenvolvidas por entes públicos e privados en favor da creación e consolidación de empresas, así como as actuacións concretas para mellorar a presenza das mulleres no entorno empresarial.

Así mesmo, os anteriores niveis analíticos tradúcense nos seguintes obxectivos específicos:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CONSECUCCIÓN
Cuantificar o entorno empresarial en Galicia e nas comarcas de A Coruña, Santiago e Barbanza	Revisión de fontes de datos secundarios
Coñecer o perfil emprendedor en Galicia	
Coñecer a participación das mulleres no entorno empresarial en Galicia	
Analizar as oportunidades de negocio en España e en Galicia	Fontes documentais
Coñecer as características das empresas que contan con postos de traballo en Galicia, e, sobre todo nas comarcas de: A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza	Enquisa
Coñecer as opinións do empresariado sobre os obstáculos e as medidas a desenvolver en relación co acceso do equipo humano nas entidades	
Pescudar sobre as propostas para mellorar a consolidación de empresas na súa zona ou comarca	



Valorar a situación socio – económica, futuro de Galicia e das diferentes comarcas e oportunidades de desenvolvemento da mesma	Entrevistas en profundidade / grupos de discusión
Pescudar sobre a situación do emprego nas empresas da comarca, a participación das mulleres en relación coas oportunidades laborais e empresariais	
Pescudar as accións que desde o punto de vista das persoas participantes poderíanse desenvolver para mellorar a presenza da muller no tecido empresarial	
Pescudar as medidas que desde o ámbito público e privado están a levarse a cabo en materia de creación de empresas	
Propor melloras que, desde o punto de vista das informantes clave, sería necesario introducir para facilitar a creación de empresas e incremento do mercado laboral	Conclusións da análise cuantitativa e cualitativa



2

DESEÑO
METODOLÓGICO



2. DESEÑO METODOLÓXICO

Este estudo baséase nun deseño que consiste nunha **combinación de métodos de investigación na medición dun mesmo fenómeno**. Así, conxugáronse datos procedentes de fontes diversas, complementando datos cuantitativos e datos cualitativos. A decisión de integrar métodos de natureza cuantitativa e cualitativa radica nun afán de complementariedade. Aínda que os datos cuantitativos permiten esbozar unha primeira imaxe das oportunidades de negocio e das características das empresas que están en Galicia, a metodoloxía cualitativa sacará á luz aspectos de natureza subxectiva que modelan as oportunidades reais neste ámbito de actuación. Tras a recompilación de datos primarios a través dunha enquisa, desenvólvese unha análise cualitativa mediante as técnicas da entrevista en profundidade semi-estruturada e grupos de discusión.

2.1. DATOS SECUNDARIOS

A primeira fase do estudo consiste na exploración de diversas fontes de datos cuantitativos e fontes documentais. Desta forma, contextualizarase o tecido empresarial e as oportunidades de negocio en Galicia a través dunha análise de fontes de datos secundarios a nivel internacional, nacional, autonómico e local. En relación con este punto, exporáse o perfil emprendedor e as distintas iniciativas impulsadas tanto en Galicia como nas comarcas analizadas: A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza.

No capítulo 11. Bibliografía, pódense revisar as fontes estatísticas nas cales se baseou o estudo acerca das oportunidades de negocio en Galicia.

2.2. DATOS PRIMARIOS

Tralo estudo das condicións do tecido empresarial de Galicia e as posibilidades de negocio, procédese á segunda fase da investigación, na que se recolleu información cuantitativa e cualitativa por medio das técnicas da enquisa, a entrevista en profundidade semi-estruturada e o grupo de discusión.

METODOLOXÍA CUANTITATIVA

ENQUISA

Para mellorar a comprensión da existencia de oportunidades de negocio en Galicia, así como as características das empresas que residen nestas localizacións, recorreuse á elaboración dunha enquisa dirixida ás empresas que desempeñan actividades económicas en Galicia e, con máis amplitude, nas comarcas de A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza. Esta enquisa foi necesaria na medida que non existe información desagregada nos temas a analizar nas comarcas seleccionadas.

Para realizar esta enquisa construíuse unha base de datos de empresas tomando como fonte a Base de Datos ARDÁN para poder dispor dunha mostra representativa de toda a rexión, das súas diferentes comarcas e sectores para poder facer unha análise máis completa da situación empresarial en Galicia. Así mesmo, foron incluídas empresas con diferentes tamaños, por número de empregados e facturación co obxectivo de contar con análises diferentes.

Entre o os días 2 e 31 de outubro, procedeuse a enviar a enquisa por correo electrónico achegando unha ligazón a un formulario online ás empresas identificadas na base de datos.



Posteriormente, realizáronse varias ondas de chamadas telefónicas para animar a aquelas empresas que non responderon nun primeiro momento e para reforzar a participación do empresariado. Das 2.031 empresas identificadas na base de datos, contestaron ao formulario 67, é dicir, obtívose un índice de resposta do 3,29%.

O cuestionario estrutúrase en cinco bloques temáticos: datos da empresa e da persoa que responde, características do equipo humano, obstáculos para o acceso do persoal na súa entidade, propostas para mellorar a consolidación de empresas na zona ou comarca, propostas para mellorar a creación de oportunidades de negocio na súa zona ou comarca (Táboa 1). De forma máis detallada, o cuestionario está constituído por un total de 21 preguntas dirixidas a esclarecer o obxectivo da investigación. O Anexo 1: “Ferramentas de recollida de información” recóllese o deseño da enquisa empregada.

TEMAS	INDICADORES
Datos da empresa	Nome da empresa Concello do centro de traballo principal Obxecto da actividade da empresa Antigüidade da empresa
Características do equipo humano	Total de persoas na empresa • Porcentaxe de mulleres empregadas na empresa • Nivel de estudos do equipo humano • Idade dos traballadores e traballadoras • Distribución das persoas nas áreas que conforman a empresa • Distribución da plantilla segundo o tipo de contrato • Distribución do persoal segundo o tipo de xornada
Obstáculos para chegar a ser traballador ou traballadora na súa entidade.	• Falta de currículos • As titulacións relacionadas coa actividade non resultan atractivas • Escasa facturación para poder contratar a máis persoal • Limitacións propias das características da entidade
Propostas para mellorar a consolidación de empresas na súa zona ou comarca	• Desenrolo de programas de consolidación de empresas • Programas de financiación xerais • Programas de financiación específicos da actividade • Programas de financiación de contratación
Propostas para mellorar a creación de oportunidades de negocio na súa zona ou comarca	• Programas de acción empresarial na súa zona ou comarca • Programas de acción empresarial feminina na súa zona ou comarca • Programas de captación de inversións para a súa zona ou comarca • Desenrolo de medidas e proxectos de local
Datos da persoa que responde	• Nome e apelidos • Cargo • Sexo • Idade

Fonte: Elaboración propia



METODOLOXÍA CUALITATIVA

A necesidade de desenvolver no estudo unha metodoloxía de natureza cualitativa xorde a partir da análise exploratoria, pois os propios resultados evidencian a necesidade de profundar acerca do tecido empresarial e as oportunidades de negocio nas comarcas de A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza. Así, a finalidade da metodoloxía cualitativa é a de abordar a análise específica da investigación, estudando as opinións que tanto as persoas expertas como os axentes clave manifestan cara a creación e a consolidación de oportunidades de negocio nas zonas analizadas. Por outra banda, tamén se analizará a situación da muller como emprendedora e empresaria.

ENTREVISTA EN PROFUNDIDADE

A técnica da entrevista en profundidade ten o propósito de definir o contexto no que se desenvolven actividades empresariais en Galicia e nas comarcas de A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza e o fenómeno da baixa participación feminina no tecido empresarial. O principal obxectivo perseguido coa entrevista é o de obter unha fotografía da situación real socio – económica de Galicia e das comarcas seleccionadas, así como constatar o verdadeiro alcance da desigualdade entre os sexos desde a óptica de axentes clave. Realizáronse un total de 18 entrevistas a mulleres e homes procedentes de: Administracións Públicas e Asociacións e Federacións Empresariais. As entrevistas efectuáronse no período de tempo comprendido entre o 10 de outubro e o 10 de novembro.

A mostra componse de 11 mulleres e 7 homes, grazas ás cales se obtiveron 18 entrevistas válidas. Nesta fase da investigación, a localización xeográfica favorece a análise e pode ser un factor determinante do discurso, polo tanto, esta apoia a consecución do obxectivo perseguido con esta técnica, que é o de coñecer a visión global que diferentes axentes clave procedentes tanto do sector público como do privado teñen sobre as oportunidades de negocio en Galicia e na súa comarca.

Tomando como referencia as variables establecidas na mostraxe teórica, seleccionáronse ás entrevistadas e entrevistados tendo en conta a entidade de pertenza e o cargo ostentado.

Táboa 2. Características das entrevistas

CÓDIGO ENTREVISTA	ENTIDADE DE PROCEDENCIA	CARGO OSTENTADO
Home 1	AJE Ferrol	Presidente
Home 2	AJE Vigo	Presidente
Home 3	AJE Ourense	Presidente
Home 4	AJE Lugo	Presidente
Home 5	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	Director Xeral



Home 6	Confederación de Empresarios de Galicia	Presidente
Home 7	Concello de Sada	Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente
Muller 1	Diputación de A Coruña	Técnica de Proxectos
Muller 2	Concello de Pontevedra	Concelleira de Promoción Económica
Muller 3	Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado	Directora Xeral
Muller 4	Federación de Empresarias de Galicia	Presidenta
Muller 5	Asociación de Empresarios de Camarillas	Presidenta
Muller 6	Asociación de Empresarios de Melide	Xerente
Muller 7	Asociación de Empresarios de Sabón-Arteixo	Xerente
Muller 8	Asociación de Empresarios de Polígono de Bergondo	Xerente
Muller 9	Concello de Riveira	Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade
Muller 10	Concello de Oleiros	Técnica de Emprego
Muller 11	Programa Woman Emprende	Directora

Fonte: Elaboración propia

As entrevistas tiveron unha duración aproximada de 45 minutos cada unha. Cabe mencionar que ao longo do informe preservárase en todo momento o anonimato das entrevistadas e os entrevistados.

Durante a entrevista fomentouse que as persoas entrevistadas estruturasen o relato e a relevancia dos aspectos a tratar. Polo tanto, unha simple exposición previa da problemática da investigación substituíu a un guión predefinido clásico coa súa respectiva batería de preguntas. No Anexo 1: “Ferramentas de recollida de información” recóllese o deseño do guión das entrevistas empregado.

Durante as entrevistas tratáronse as seguintes temáticas:



Táboa 3. Temáticas das entrevistas	
TEMAS	OBXECTIVOS
Situación socio- económica de Galicia	Obter unha visión global a nivel autonómico e municipal tendo en conta os seguintes aspectos: economía galega, estrutura ocupacional e relevancia dos sectores nos que pertencen as diferentes persoas entrevistadas, situación das empresas da comarca, etc.
Oportunidades de negocio	Coñecer as oportunidades de negocio para mulleres e homes na zona ou comarca, facendo especial fincapé nas barreiras ou dificultados que se atopan as persoas emprendedoras e cales son os recursos técnicos que hai e a súa dispoñibilidade por sexo.
Medidas para apoiar a creación de oportunidades de negocio	Pescudar as medidas que desde o ámbito público e privado están a levarse a cabo en materia de creación de empresas.
Propostas de mellora	Coñecer as melloras que, desde o punto de vista dos informantes clave, sería necesario introducir para facilitar a creación de empresas.

Fonte: Elaboración propia

GRUPOS DE DISCUSIÓN

Na práctica habitual, o focus group defínese como un modelo de condución semidirixido onde se orienta o discurso grupal cara ao tema de interese para a investigación. Neste caso, o tema ao que se pretende achegar a discusión é o de valorar a situación actual socio – económica da zona ou comarca, tanto en relación co emprego como coa creación e consolidación de empresas, contidos que se estudaron mediante a celebración de dous grupos de discusión. Un dos grupos estivo integrado por persoas da comarca de A Coruña, mentres que o segundo estivo composto por mulleres e homes que representaron ás comarcas de Santiago de Compostela e Barbanza.

O perfil establecido para a selección das participantes móstrase nas seguintes táboas:

Táboa 4. Perfís dos grupos de discusión		
VARIABLES	GRUPO 1	GRUPO 2
Sexo	4 mulleres / 2 homes	4 mulleres / 1 home
Sectores de ocupación	Administracións Públicas e Asociacións empresariais	Administracións Públicas e Asociacións empresariais



Lugares de discusión	Club financeiro de A Coruña	Cidade da cultura - Centro de acción empresarial
Ámbito	Comarca de A Coruña	Comarca de Santiago e comarca de Barbanza

Fonte: Elaboración propia

Táboa 5: Composición do grupo de discusión de A Coruña

CÓDIGO DE PARTICIPANTE	ACTIVIDADE	CARGO OSTENTADO
Home 1 - GD1	ASCEGA	Xerente
Home 2 - GD1	AJE A Coruña	Presidente
Muller 1 - GD1	Concello de Arteixo	Técnica de Emprego
Muller 2 - GD1	AECO	Presidenta
Muller 3 - GD1	Concello de A Coruña	Xefa de servizo
Muller 4 - GD1	Concello de Sada	Técnica de Emprego

Fonte: Elaboración propia

Táboa 6: Composición do grupo de discusión de Santiago de Compostela

CÓDIGO DE PARTICIPANTE	ACTIVIDADE	CARGO OSTENTADO
Home 1 - GD2	AGACA	Xerente
Muller 1 - GD2	Asociación de Executivas de Galicia	Presidenta
Muller 2 - GD2	Concello de Rianxo	Técnica de Emprego



Muller 3 - GD2	Concello de Pobra do Caramiñal	Concelleira de Dinamización económica, Comercio, Facenda, Turismo, Igualdade e participación veciñal
Muller 4 - GD2	Concello de Santiago de Compostela	Responsable de Desenvolvemento Económico

Fonte: Elaboración propia

As sesións tiveron lugar no municipio da Coruña no Club Financeiro de A Coruña e en Santiago de Compostela na Cidade da Cultura – Centro de emprendemento, nos días 24 de outubro e 8 de novembro, respectivamente. Aínda que foron gravadas en soporte audio, garátese o anonimato das participantes, pois tal e como pode observarse nas táboas 5 e 6, os seus nomes foron substituídos por códigos.

O principal obxectivo dos grupos é recoller o testemuño, as opinións e a experiencia das persoas participantes en relación coa situación actual socio – económica da zona ou comarca, tanto en relación co emprego como coa creación e consolidación de empresas. Para iso, determinárase por medio do consenso dialéctico colectivo que xurda ao redor dos seguintes temas:

Táboa 7: Temáticas dos grupos de discusión	
TEMA	OBXECTIVO
Situación actual socio – económica da zona ou comarca	Valorar a situación socio - económica, futuro da comarca e oportunidades de desenvolvemento da mesma.
Mulleres e homes no emprego na zona ou comarca	Pescudar sobre a situación do emprego nas empresas da comarca, a participación das mulleres en relación coas oportunidades laborais.
Mulleres e homes na creación e consolidación de empresas na súa comarca	Pescudar as accións que desde o punto de vista das persoas participantes poderíanse desenvolver para mellorar a presenza feminina no tecido empresarial.

Fonte: Elaboración propia



3

O CONTEXTO
EMPREENDEDOR



3. O CONTEXTO EMPRENDEDOR

3.1 A CONTORNA ECONÓMICA E SOCIAL

Ámbito Internacional

Segundo o resumo executivo “Situación y perspectivas de la economía mundial 2017” das Nacións Unidas, a situación da economía mundial permanece nun prolongado período de baixo crecemento. Os datos que corroboran dita afirmación son que o crecemento foi de tan só un 2,2% en 2016, a menor taxa de crecemento desde a Gran Recesión de 2009.

Factores que afectan á recuperación da economía mundial:

- Débil ritmo do investimento
- Diminución no crecemento do comercio internacional
- Lento crecemento da produtividade
- Elevados niveis de débeda

Os prognósticos seguen sendo positivos con crecementos dun 2,7% e un 2,9%, no 2017 e 2018, respectivamente, aínda que é máis unha sinal de estabilización económica que un signo dunha recuperación robusta e sostida da demanda global. As perspectivas económicas continúan suxeitas a significativas incertidumes e riscos cara á baixa. No caso de que estes riscos materialícese, o crecemento global sería aínda menor ao modesto crecemento económico que se proxecta actualmente. Debido ás fortes interconexións entre a demanda, o investimento, o comercio e a produtividade, o longo período de débil crecemento global corre o risco de autoperpetuarse, especialmente perante a ausencia de esforzos de política concertados para revivir o investimento e estimular unha recuperación na produtividade. Isto impediría o progreso cara aos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables, principalmente os obxectivos de erradicar a pobreza extrema e a creación de traballo decente para todos e todas.

A falta de acceso ao financiamento tamén actúa como unha restrición ao investimento nalgúns casos, especialmente en países onde os bancos continúan con baixa capitalización ou onde os mercados financeiros mantéñense con escaso desenvolvemento. En particular, os novos investimentos de capital afectan as actividades de innovación, as habilidades da forza laboral e a calidade da infraestrutura. Estes aspectos son fundamentais para o cambio tecnolóxico e as ganancias en eficiencia, que á súa vez impulsan o crecemento da produtividade laboral no medio prazo.

O comercio mundial atópase nun punto morto, e dita situación é tanto unha causa como tamén un síntoma da desaceleración económica global. Os volumes de comercio mundial expandíronse soamente nun 1,2% en 2016, a terceira menor taxa de crecemento nas últimas tres décadas. Factores cíclicos, como a composición de demanda global e a elevada incerteza continúan restrinxindo o crecemento do comercio global. Así mesmo, os impactos dalgúns cambios estruturais que favoreceron a rápida expansión do comercio global nas décadas previas tamén comezaron a desvanecerse, o que se une tamén ao menor progreso na liberalización do comercio.

As perspectivas económicas globais permanecen suxeitas a significativas incertezas e riscos cara á baixa, co potencial de obstruír a modesta aceleración no crecemento que actualmente



se proxecta para 2017 e 2018. Algúns destes riscos derívanse das decisións de política nas maiores economías desenvolvidas. Por exemplo a incerteza continúa sendo elevada respecto dos cambios que virán co Goberno dos Estados Unidos en políticas relativas ao comercio, a inmigración e o cambio climático. Pola súa banda, a decisión de Reino Unido de abandonar a Unión Europea, ou o chamado “Brexit”, e as súas potenciais implicacións para o libre movemento de bens e persoas traballadoras en Europa, tamén expón considerables incertezas na rexión. Neste contexto, estas incertezas teñen o potencial de socavar calquera recuperación proxectada no ambiente de negocios, impedir o crecemento do comercio internacional e, mesmo, descarrilar o xa débil crecemento global.

Para situar novamente á economía global nunha traxectoria de crecemento máis saudable no medio prazo, así como tamén para avanzar nas dimensións sociais e medio ambientais do desenvolvemento sustentable, requírese dunha combinación de políticas máis balanceada. É dicir, un conxunto de políticas máis amplo para adaptarse ás circunstancias de cada país. Por exemplo, as reformas estruturais poderían incluír un uso máis extensivo de políticas de ingreso para reducir as desigualdades e manter a demanda, así como tamén políticas activas sobre o mercado laboral para apoiar aos grupos máis vulnerables ou marxinados. Unha regulación e incentivos financeiros eficaces tamén deberían mobilizar recursos e fomentar así o investimento nunha infraestrutura inclusiva e resiliente, servizos sociais e tecnoloxías verdes.

Ademais, investimentos en educación, na capacitación das persoas traballadoras ou emprendedoras/empresarias e na base científica pode promover as habilidades da forza laboral e a innovación. As políticas tamén deben promover un ambiente de negocios dinámico en liña co desenvolvemento sustentable, que inclúa o acceso a financiamento, procedementos administrativos transparentes e marcos reguladores efectivos.


É necesaria unha cooperación internacional máis profunda en moitas outras áreas, por exemplo: facilitar transferencias de tecnoloxías limpas; o apoio ao financiamento para o cambio climático; a expansión de financiamento público internacional e a axuda oficial ao desenvolvemento; o fortalecemento da cooperación tributaria internacional e a loita contra os fluxos financeiros ilícitos; a provisión dunha rede de protección financeira global; e a coordinación de políticas para facer fronte aos desafíos expostos polos grandes movementos de refuxiados e migrantes.

Ámbito de España

Segundo datos do Mercado Estatal de Trabajo do 2017, vemos no gráfico a tendencia da actividade económica en España no 2016.

Gráfico 1: Tendencia da actividade económica en España no 2016 (%)

Fonte: Informe del Mercado Estatal de Trabajo 2017






No seguinte gráfico móstrase a variación en porcentaxe anual do PIB (Producto Interior Bruto) en proxeccións ate o 2019 e pode observarse a liña descendente.

Gráfico 2: Evolución do Produto Interior Bruto (PIB) (España, 2008 – 2019, %)

Fonte: Banco de España



En xeral, espérase unha evolución positiva en todos os sectores; por exemplo, o turismo segue a ser un motor económico fundamental non só nos destinos tradicionais, senón tamén noutras provincias, que ofrecen un turismo de interior máis orientado á riqueza cultural e de patrimonio e ao turismo activo. A pesares das cifras en aumento, é preciso avanzar no proceso de internacionalización aínda que en algunhas provincias está a aumentar, pois a cota de exportacións de servizos non turísticos a escala mundial aínda é reducida.

Tamén ese crecemento positivo vémosto en outros sectores como o de servizos, industria, agrario e construción. As reformas feitas tiveron impacto, sobre todo en relación ao investimento que realizaron as empresas, especialmente en maquinaria e equipo, chegándose a niveis coñecidos en 2009. O forte peso da industria dentro do PIB é moi positivo, xa que leva empregos estables e de calidade e, en moitas zonas do país.

Alta temporalidade do emprego en parte mantense porque é máis fácil modificar as condicións de traballo que a mobilidade funcional.

O fomento da contratación indefinida non foi suficiente para que esta modalidade de contratación sexa elixida en maior grao.

Así mesmo, tanto en España como no resto dos países europeos son moi preocupantes as altas taxas de envellecemento da poboación, que leva consigo o envellecemento dos cadros de persoal, así como a perda de poboación, especialmente nas zonas rurais, pola falta de



substitución xeracional en explotacións agrícolas e gandeiras. Con todo, nalgúñas rexións ou cidades, estase a rexistrar un incremento na entrada de poboación de outros países, o cal compensa nunha pequena parte a perda de poboación activa.

En Galicia

Segundo os datos recollidos do Informe Ardán 17 Galicia, pode comprobarse que Galicia pecha unha década de inestabilidade económica con taxas de crecemento moi por encima da media europea, o que permitirá recuperar os niveis de xeración de riqueza (PIB) previos á crise neste ano 2017. O factor dinamizador deste feito explica o bo comportamento nas exportacións das nosas manufacturas.

A desaceleración para este ano 2017, pode variar finalmente en función do comportamento nas exportacións en actividades estratéxicas para a nosa comunidade, como son a automoción, dentro das actividades de bens de consumo duradeiro, ou as navais, dentro das actividades de equipo.


A actividade construtora no relativo á vivenda está en niveis máis baixos ca española, mentres que o balance en xeral, está por riba da media do país debido ao investimento e licitación de obra pública.

En canto aos servizos podemos diferenciar por unha banda, os financeiros, inmobiliarios e públicos que rexistran un endebedamento excesivo, xa orixe ou consecuencia da crise. E por outro, os comerciais, loxísticos, de almacenamento, ou de deseño, que estarían a ter un bo comportamento derivado do crecemento nas exportacións de confección, superando taxas do 2016 nas que Cataluña levaba a dianteira.

Pola contra, esta recuperación no sector da produción, dos investimentos e das exportacións, non ten o mesmo desenrolo tan positivo na creación de emprego, con probabilidade debido a uns índices no turismo por debaixo do resto do país, e tamén, a unha baixa nas remuneracións salariais contabilizadas ate o ano 14.

Gráfico 3: Crecemento económico de Galicia (tasas interanuais)

Fonte: Ardán '17 Galicia





Os sistemas produtivos do téxtil, confección e moda e a automoción e equipo, fan que os índices de produción de renda económica medren no 2015 ate un 2,90%, con respecto a anos precedentes. A mellora da competitividade, tradúcese nun crecemento na exportación, e tamén nun crecemento do emprego.

3.2. EMPREGO E EMPRESA EN CIFRAS

Emprego e empresa en España

Segundo os datos proporcionados polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social (MEySS) sobre as empresas inscritas na Seguridade Social en febreiro de 2017, había case tres millóns de empresas en España, das cales o 54,4% o representan persoas autónomas sen persoal asalariado, seguidas dun 39,6% constituídas por microempresas de ata 9 persoas asalariadas.

Estes datos poden verse na táboa que se mostra a continuación:

Táboa 8: Empresas inscritas na Seguridade Social en novembro 2017 (uds, %)			
		Tasa de variación %	
Empresas por tamaño	Nº de empresas	Intermensual	Interanual
Persoas autónomas (sen asalariados/as)	1.542.725		-0,04%
Microempresas (1-9 asalariados/as)	1.135.211	0,37%	0,86%
Pequenas (10-49 asalariados/as)	148.408	0,70%	4,94%
Medianas (50-249 asalariados/as)	23.588	0,07%	5,52%
PEMES (1-249 asalariados/as)	1.307.207	0,40%	1,39%
Grandes (250 ou máis asalariados/as)	4.541	0,87%	5,75%
Empresas con asalariados/as	1.311.748		
Total empresas	2.854.473		0,62%

Fonte: MEySS

Por outra banda, analizando o número de persoas inscritas na Seguridade social se pode comprobar que produciuse un pequeno incremento en canto a traballadores/as en activo (4,11%). En canto o reparto da empregabilidade en España entre as distintas tipoloxías de empresa, as grandes empresas acaparan un 31,3% do emprego, seguidas das microempresas (18,7%), persoas autónomas (18,1%), pequenas empresas (17,7%) e por último as medianas empresas cun 14,2%.

**Táboa 9: Persoas inscritas na Seguridade Social en febreiro 2017 (uds, %)**


Empresas por tamaño	Persoas traballadoras	Tasa de variación %	
		Intermensual	Interanual
Persoas autónomas (sen asalariados/as)	2.829.891		2,11%
Microempresas (1-9 asalariados/as)	2.916.332	-0,49%	2,61%
Pequenas (10-49 asalariados/as)	2.758.605	0,14%	5,50%
Medianas (50-249 asalariados/as)	2.210.112	1,46%	5,70%
PEMES (1-249 asalariados/as)	7.885.049	0,27%	4,47%
Grandes (250 ou máis asalariados/as)	4.876.860	0,79%	4,73%
Total persoas traballadoras	15.591.800		4,11%

Fonte: MEySS


En canto á empregabilidade por sectores, claramente o sector Servizos é o que acapara gran parte do emprego no ámbito estatal (75%), seguido moi de lonxe pola industria (15%).

Gráfico 4: Empresas por sectores febreiro 2017 (%)

Fonte: MEySS

**Gráfico 5: Persoas traballadoras por sectores febreiro 2017 (%)**

Fonte: MEySS





Oferta de emprego para traballar no estranxeiro

O informe **Infoempleo Adecco 2016** aporta datos interesantes en relación coa empregabilidade, tales como que o número de ofertas publicadas en España para traballar no estranxeiro medrou un 1,27% no último ano, aínda que segue a ser moi reducido, xa que no cómputo xeral representa un 0,64% do total de ofertas.

En canto ao total de ofertas ao estranxeiro, o **continente europeo segue sendo o principal demandante de profesionais de España (un 74,8% das ofertas)**, un punto máis que fai un ano, sendo os países que máis volume xeran: Alemaña (19,5%), Bélxica (15,3%), Gran Bretaña (12,2%), Francia (6,5%) e Holanda (5,4%). Trala UE destacan Marrocos (2,8%), Arxelia (2,6%), economías emerxentes de Oriente Medio (Árabes Unidos e Arabia Saudí, 2,6% e 1,3%, respectivamente) ou Latinoamérica, repartindo o seu 5% en varios países como son Chile (1,1%), México (1%) e Cuba (0,7%).

Por outro lado, no último **ano o número de ofertas publicadas en España para traballar no estranxeiro creceu un 1,27%**. Tamén ocupan un lugar destacado neste ránking algunhas economías emerxentes de Oriente Medio, como Emiratos Árabes Unidos (2,6%), Arabia Saudí (1,3%) e Qatar (0,85%); ou latinoamérica, que se reserva máis do 5% da oferta internacional total.

En canto á concentración sectorial da oferta, tradúcese en que **seis sectores xeran o 43,9% da oferta para traballar no estranxeiro**, seguindo a tendencia de maior dispersión sectorial iniciada fai uns anos, cando os seis sectores que encabezaban a táboa recibían o 77% das ofertas. Algúns destes sectores son: sanidade (10,5%) canalizado en Gran Bretaña, Alemaña e Noruega, turismo e hostalaría (7,8%) con empregos en Marrocos, Alemaña e Bélxica, e o macrosector da construción (6,7%) desprazando as persoas cara Bélxica, Alemaña e Arabia Saudí.

A función que máis emprego xera é a área produtiva acaparando o 47,1% das ofertas internacionais. En relación cos postos de traballo, os máis demandados foron os de dirección técnica, informática e financeira. En canto a forma de relación laboral máis ofrecida na oferta de emprego internacional é a de contrato indefinido cun 53,5%.

A continuación na táboa vemos as maiores ofertas salariais indicadas no ránking de países que concentran maior oferta de emprego, segundo o Informe Infoempleo Adecco 2016.

Táboa 10: Actividade emprendedora e dinámica empresarial en función do sexo (2015, %)	
PAÍS	SALARIO BRUTO (€/ano)
Gran Bretaña	47.032,59€
Emiratos Árabes Unidos	41.400,00€
Holanda	36.363,64€



Francia	34.238,10€
Alemania	32.080,65€
Portugal	27.312,50€
Bélgica	26.593,75€
Argelia	26.386,36€
Marruecos	25.250,00€

Fonte: Informe Infoempleo Adecco 2016

O informe de Infoempleo amosa que un 69,5% das persoas profesionais estarían dispostas a cambiar de residencia dentro das nosas fronteiras por motivos laborais. Con todo, se o traslado implica un cambio de país, o número de profesionais dispostos a dar o salto redúcese considerablemente: só catro de cada dez enquisados (43,7%) recoñecen estar dispostos a mudarse de país por un posto de traballo.

Na seguinte táboa, vemos que Londres e Nueva York son as dúas primeiras cidades estranxeiras que os/as profesionais elixirían para ir traballar.

Táboa 11: Cidades estranxeiras que elixirían os/as profesionais para ir a traballar	
Algunha cidade en Europa	47,42%
Calquera cidade do mundo	27,66%
Londres	25,70%
Nueva York	22,43%
Algunha cidade en América	19,76%
París	19,73%
Ámsterdam	19,11%
Roma	18,55%
Los Ángeles	17,33%
Dublín	16,08%
Lisboa	15,10%
Berlín	15,07%
Bruselas	14,75%
Algunha cidade en Oceanía	8,64%
Algunha cidade en Asia	4,51%
Algunha cidade en África	1,93%
Outras cidades	30,70%

Fonte: Informe Infoempleo Adecco 2016




Emprego e empresa en Galicia

A continuación móstrase a distribución das 18.235 empresas en cada unha das provincias galegas. Como pode observarse, as provincias de A Coruña e Pontevedra acaparan o maior número de empresas (37,82% e 36,26%, respectivamente) as cales obteñen o groso dos resultados económicos (56,37% e 30,81%, respectivamente). Estes datos corroboran a importancia do eixe atlántico como motor económico da CC.AA. de Galicia.

Gráfico 6: Distribución provincial por empresas, ingresos explotación e valor engadido bruto no ano 2015 (Mill. Euros, Euros, uds)


Fonte: Ardan '17 Galicia



No seguinte gráfico pódese observar que o sector “Comerciantes polo miúdo de pezas de vestir e complementos ocupa o primeiro lugar no ránking en xeración de emprego por sectores, seguido de “Supermercados e hipermercados” e “Axencias de emprego e colocación”. En situación moi afastadas segue o de “Almacenistas de calzado” e o “Transporte de mercancías por estrada”.

**Gráfico 7: Ranking de sectores en xeración de emprego en Galicia (2015, uds)**

Fonte: Ardan '17 Galicia





Pola seguinte orde, na primeira táboa, e nos dous gráficos seguintes, pódese ver a rendabilidade económica entre os anos 2013 e 2015, a rendabilidade económica por sistemas produtivos no ano 2015, e finalmente, a evolución do emprego nos anos 2013 e 2015.

Táboa 12: Rendabilidade da empresa galega (2013-2015, %)


	2013	2014	2015
Empresa galega	1,88%	2,33%	2,73%
Gran empresa	0,97%	4,20%	6,26%
Mediana empresa	4,62%	4,99%	5,59%
Pequena empresa	1,81%	2,26%	2,63%
Microempresa	1,49%	1,91%	2,24%

Fonte: Ardan '17 Galicia


Gráfico 8: Rendabilidade económica por sistemas produtivos (2015, %)
Fonte: Ardan '17 Galicia

Gráfico 9: Evolución do emprego nas empresas galegas (2013- 2015, %)
Fonte: Ardan '17 Galicia


**Gráfico 10: Emprego medio por empresa en Galicia (2013- 2015, %)**

Fonte: Ardan '17 Galicia



Na seguinte táboa, mostramos o ránking comarcal galego coas 15 comarcas máis relevantes en canto a xeración de Valor engadido bruto en 2015. En canto as posicións das comarcas obxecto de estudo, A Coruña ocupa o primeiro posto, seguida de Santiago de Compostela (3er posto) e, por último, Barbanza que está na oitava posición.

Táboa 13: Ranking das 15 comarcas máis relevantes por xeración do VEB no 2015 (Posición, %)

	nº empresas	ingresos	VEB	emprego	población
A Coruña	2	1	1	1	2
Vigo	1	2	2	2	1
Santiago	3	4	3	3	3
Ourense	4	3	4	4	5
Lugo	5	8	5	6	7
Pontevedra	6	5	6	5	6
Ferrol	8	7	7	8	4
Barbanza	9	9	8	9	11
Betanzos	20	6	9	10	16
O Salnés	7	10	10	7	8
O Morrazo	11	11	11	11	9
Ordes	16	13	12	14	17
Bergantiños	10	14	13	12	10
Valdeorras	0	17	14	15	23
O Baixo Miño	12	0	15	13	12
15 comarcas	76,85%	90,13%	91,52%	87,51%	73,60%


Fonte: Ardan '17 Galicia



No seguinte gráfico expónse a distribución por especialización sectorial na provincia da Coruña, en relación co resto de Galicia, posto que as tres comarcas obxecto de estudo pertencen a este territorio.

Gráfico 11: Especialización sectorial na provincia da Coruña, 2015 (%)

Fonte: Ardan '17 Galicia



En relación co estudo das comarcas, como unidade de análise, pódese facer a seguinte valoración en canto as máis importantes da Comunidade Galega, así en canto á importancia do Valor engadido bruto xerado en 2015 por cada comarca respecto ao total, a comarca da Coruña xerou o 45,89% do VEB total galego.

A comarca de Vigo concentrou o 18,21% do Valor engadido bruto de Galicia en 2015, xerando entre ambas o 64,10% do Valor engadido bruto de Galicia en 2015, un aumento, con respecto do período anterior de 0,41 puntos porcentuais.

Santiago, Ourense e Lugo posicionadas en terceiro, cuarto e quinto lugar, respectivamente, tiveron valores do VEB inferiores ao 6% do total de Galicia.

En termos de emprego en 2014, a comarca da Coruña vai na dianteira de Galicia cun 31,69%, e séguelle a comarca de Vigo co 19,79% do total das empresas galegas. Na súa totalidade, as dúas comarcas concentraron máis do 50% do emprego xerado en Galicia en 2015.

Se analizamos máis polo miúdo as comarcas da Coruña, Santiago e do Barbanza, que son o obxecto deste estudo, podemos obter que a Coruña destaca pola riqueza comarcal xerada, como en anos anteriores, pola sociedade INDUSTRIA DE DISEÑO TEXTIL, S.A. cun peso sobre o VEB xerado polo sector do 99,10%. Na segunda posición segundo xeración de riqueza comarcal, están os comerciantes polo miúdo de pezas de vestir e complementos cun 24,39% sobre o VEB, das cales as nove primeiras posicións en canto a VEB comarcal xerado pertencen ao grupo INDITEX, obtendo un peso sobre o sector na comarca do 99,45%.



En Santiago, en canto a xeración de riqueza na comarca destaca a Fabricación de chapas e taboleiros de madeira cun peso comarcal do 15,10%. FINANCIERA MADERERA, S.A. (grupo FINSA) xera ela soa practicamente o 100% do VEB comarcal do sector e o 99,81% do emprego da comarca de Santiago, posicionándose deste xeito como líder comarcal en canto a xeración de emprego no período de análise 2015.

En derradeiro lugar, a comarca do Barbanza, en canto á importancia do Valor engadido bruto xerado en 2015 respecto ao total, xerou o 1,88% do VEB total galego. Isto supón situarse no posto número 8 do total das 53 comarcas de Galicia. A pesca, a industria conserveira e o turismo (Mancomunidade Arousa Norte) abranguen os sectores de xeración de riqueza.

3.3. EMPRENDEMENTO EN CIFRAS

Antes de penetrar no concepto socio – económico do emprendimento, é necesario establecer conceptualmente o que consideramos por persoa emprendedora e por emprendimento.

Segundo a definición de Mundopymes “Un emprendedor é unha persoa con determinación e iniciativa para poder executar unha acción que leva unha dificultade ou un risco que poucos deciden tomar. Os emprendedores son capaces de converter nunha realidade, unha idea ambiciosa que representa un desafío para a gran maioría; pero que para eles é o resultado de investimentos en recursos, tempo de investigación, moito estudo e persistencia”.

Segundo esta definición pódese falar de cinco características principais que teñen as persoas emprendedoras:

- 1.- Disciplina e compromiso, pois sempre haberá variables que a poñerán a proba. É necesario ter un obxectivo claro para por en funcionamento as accións necesarias para acadalo.
- 2.- Non teme aos retos pois un novo proxecto é sempre un desafío que obriga a toma de decisión sen medo. Este pode ser a creación dunha nova empresa, o desenvolvemento dun produto ou tecnoloxía ou mesmo a expansión dun establecemento xa afianzado.
- 3.- Busca novos coñecementos de maneira constante, sempre está alerta cos cambios que ocorran ao seu arredor ou na procura dun asesoramento que sume coñecemento que non posúe, coa intención de dar resposta a todas esas variables que poidan afectarlle directamente.
- 4.- Son persoas soñadoras, creativas e persistentes, e sen dúbida esa persistencia será fundamental para sacar a súa idea adiante a pesares dos obstáculos que topen no camiño.
- 5.- Rapidez na resolución de problemas.

Tamén se pode falar de tipoloxía de persoas emprendedoras:

- **Por casualidade:** son persoas que ven un potencial nicho de mercado e que ademais é pouco explorado, ou que teñen a capacidade de desenvolver un novo produto ou unha nova tecnoloxía e decidir poñela en práctica.
- **Por oportunidade:** son aquelas persoas que abren unha empresa co fin de substituír o traballo formal por contrato. Cumprindo co desexo de ser posuídores da súa empresa e ser o seu propio xefe/a. Polo tanto, optan por abrir un negocio e albiscar satisfacción persoal, profesional e financeira.
- **Por necesidade ou tamén chamado “falso emprendedor”:** O falso emprendedor ou emprendedora é precisamente unha persoa que empeza a traballar por conta propia, motivado



pola visión idealizada do emprendemento e un tanto obrigado pola súa situación económica. En moitas ocasións non ten mentalidade de negocio e a súa idea é pouco viable ou sostible no tempo. O resultado é que moitos dos proxectos acaban morrendo ao pouco de nacer.

Entón, que é o emprendemento?


Existen diversas maneiras de definilo, pero se pode resumir dicindo que é o proceso da iniciativa de implantar novos negocios ou de facer cambios nas empresas existentes. Sempre ten que ver co desexo de crear, de innovar produtos, empresas ou servizos, co obxectivo de sacarlle un rendemento positivo, e considérase un dos factores principais para o desenvolvemento económico e social dun país.

Ámbito internacional

Co fin de abordar o contexto internacional, pódense utilizar os datos reflectidos do Informe Mundial GEM (Global Entrepreneurship Monitor) do ano 2016. Dito estudo é a maior análise vinculada ao emprendemento do mundo e cobre o 70% da poboación e o 85% do PIB mundial, avaliando características de máis de 60 países.

Valorando os datos que se mostran no GEM, destácase que o emprendemento está en aumento en todo o mundo e é clave para a creación de emprego xa que os datos reflicten que o 55% das persoas emprendedoras esperaban crear polo menos un posto de traballo nos vindeiros cinco anos.

Se analizamos a Taxa de Actividade Emprendedora (Total Entrepreneurial Activity- TEA) española e galega a escala internacional, identificamos o posicionamento de ambas economías fronte a outros países clasificados de acordo co seu nivel de desenvolvemento polo World Economic Forum (WEF). Ambas localízanse no grupo de países cuxo crecemento se basea na innovación, e cuxos valores son similares a outros países europeos.

**Gráfico 12: Taxa de Actividade Emprendedora española e galega a escala internacional (%)****Fonte:** Informe Ejecutivo 2015 - Informe Mundial GEM (Global Entrepreneurship Monitor)




Para o reporte 2017 do GEDI (Global Entrepreneurship Development Institute), a metodoloxía do Índice Global de Emprendemento (IGE) actualízase, incorporando tanto indicadores de índole individual, como indicadores institucionais.

Na gráfica que se mostra a continuación, poden verse os tres compoñentes fundamentais co desenvolvemento de cada un deles.

Gráfico 13: Competencia para emprender, Aspiracións emprendedoras e Actitudes emprendedoras

Fonte: GEDI (Global Entrepreneurship Development Institute) 2017



Nese reporte de datos de 2017 actualizouse tamén o ránking de 2016, co obxectivo de que fose posible realizar comparacións entre un ano e o outro. Entre os dez países máis emprendedores segundo o IGE, temos que a maioría son economías europeas, coa excepción de Estados Unidos, Canadá e Australia, sendo Estados Unidos o país máis emprendedor deste ano, seguido en segundo posto por Suíza, e ambos destacando no subíndice de “Aspiracións emprendedoras”.

Países como Suecia, Dinamarca e Islandia son economías europeas que teñen unha forte tradición en tecnoloxía e innovación, o que fai que as empresas se beneficien do mercado interno da Unión Europea, dada a súa alta calidade en infraestrutura e a súa organización institucional, e se manteñan durante anos dentro dos 10 primeiros neste índice.

**Táboa 14: Clasificación dos países máis emprendedores do 2017**


País	2017		2016
	Rank (1-137)	Puntuación (0-100)	Rank (1-130)
Estados Unidos	1	83,4	1
Suíza	2	78	8
Canadá	3	75,6	2
Suecia	4	75,5	5
Dinamarca	5	74,1	4
Islandia	6	73,5	7
Australia	7	72,5	3
Reino Unido	8	71,3	9
Irlanda	9	71	12
Holanda	10	67,8	13

Fonte: GEDI (Global Entrepreneurship Development Institute) 2017

A rexión de Latino América e o Caribe, presenta un gran potencial para a actividade emprendedora. Neste caso, lidera o ranking Chile seguido de Puerto Rico e Colombia, como se pode ver no gráfico. A pesares do potencial para o emprendemento, segue a existir moita desigualdade entre os países que a forman, posto que o crecemento económico aínda non redundou na mellora de aspectos de desenvolvemento económico e/ou na mellora da calidade de vida e o acceso a oportunidades da poboación.

Gráfico 14: Clasificación internacional potencial actividade emprendedora (%)

Fonte: GEDI (Global Entrepreneurship Development Institute) 2017






Ámbito europeo

O seguinte gráfico móstranos que, salvo as políticas gobernamentais (España 3,1% vs. Europa 2,9%), a maioría dos elementos do ecosistema emprendedor español están por baixo da valoración media dos países europeos participantes en 2016. As valoracións máis baixas observámolas en educación en etapa escolar, políticas gobernamentais de apoio ao emprendemento, políticas orientadas á redución da burocracia/impostos, ou financiamento para emprendedores/as, dinamismo do mercado interno, a educación en etapa postescolar, e o acceso á infraestrutura física e de servizos. Entre as condicións que obstaculizaron a actividade emprendedora en Europa destácase o papel das políticas gobernamentais, o apoio financeiro e as normas sociais. Pola contra, os principais factores que favoreceron a actividade emprendedora nos países europeos participantes foron os programas de apoio que implantaron os gobernos, a formación dos emprendedores e as normas sociais.

Gráfico 15: Comparativa das valoracións para as condicións baseadas en innovación para emprender en países da UE e media de España

Fonte: GEM (Global Entrepreneurship Monitor) España 2016



Na seguinte táboa, pódese observar como valoran as persoas expertas as condicións para emprender en países da Unión Europea, así como en España e sucesivamente coas Comunidades Autónomas. As condicións que tiveron puntuacións máis altas en Galicia foron: Acceso á infraestrutura física e de servizos (3,6), Programas gobernamentais (2,8) e Acceso a infraestrutura comercial e profesional (2,7); e as de menor puntuación: Educación e formación emprendedora (escolar) (1,5) e Políticas gobernamentais: burocracia/impostos (1,9). Como se verá máis adiante, esta percepción corrobórase coa información obtida na elaboración das entrevistas e grupos de discusión.


Táboa 15: Valoracións para as condicións basadas en innovación para emprender en países da UE, España e por Comunidades Autónomas

	Europa		Comunidades Autónomas																	
	Países Europeos	España	Andalucía	Aragón	Canarias	Cantabria	Castilla y León	Castilla La Mancha	Cataluña	C.Valenciana	Extremadura	Galicia	La Rioja	Madrid	Murcia	Navarra	País Vasco	Ceuta	Melilla	Madrid Ciudad
Nº persoas expertas entrevistadas	608	36	36	38	36	36	36	61	36	36	36	36	36	38	36	36	36	36	36	37
Financiamento para emprendedores/as	2,7	2,4	2,1	2,2	2,0	1,9	2,3	2,1	2,4	2,2	2,3	2,1	2,5	2,3	2,1	2,3	2,5	1,9	2,2	2,3
Políticas gubernamentais: prioridade e apoio	2,6	1,9	2,4	2,4	2,7	2,3	2,1	2,3	2,3	2,3	2,7	2,5	3,5	2,4	2,8	2,5	2,8	2,4	2,8	2,8
Políticas gubernamentais: burocracia / impostos	2,5	2,0	1,8	2,1	2,4	2,0	2,2	2,1	2,4	2,3	2,0	1,9	3,3	2,3	2,7	2,2	2,8	2,0	2,3	2,7
Programas gubernamentais	2,9	3,1	2,6	3,2	3,0	2,6	2,9	2,7	3,2	3,0	3,1	2,8	4,1	3,0	3,3	3,5	3,3	2,7	3,0	3,5
Educación e formación emprendedora (escolar)	2,0	1,7	1,4	1,8	1,8	1,8	1,9	1,7	2,0	1,8	1,6	1,5	2,2	1,5	1,8	1,9	1,7	1,7	2,1	1,7
Educación e formación emprendedora (post)	2,9	2,2	2,8	2,6	2,8	2,5	2,6	2,6	2,8	3,0	2,6	2,5	2,9	2,6	2,8	2,6	2,7	3,5	3,3	2,6
Transferencia de ID	2,7	2,7	2,2	2,5	2,3	2,1	2,3	2,3	2,4	2,5	2,4	2,4	2,9	2,2	2,4	2,4	2,4	2,0	2,8	2,2
Acceso a infraestrutura comercial e profesional	3,2	3,2	2,6	3,3	3,2	2,8	2,8	2,6	3,3	3,2	3,0	2,7	3,3	3,0	3,4	3,1	3,1	2,9	2,8	3,1
Dinámica do mercado interno	2,8	2,7	2,1	2,2	2,3	2,5	2,7	2,5	2,5	2,3	2,4	2,3	2,3	2,4	2,4	2,1	2,5	2,1	2,5	2,7
Barreiras de acceso ao mercado interno	2,9	2,8	2,3	2,4	2,3	2,4	2,2	2,2	2,4	2,7	2,4	2,2	2,7	2,2	2,5	2,4	2,3	2,0	2,5	2,4
Acceso á infraestrutura física e de servizos	4,0	3,5	3,9	3,7	4,2	3,6	3,6	3,8	3,7	4,1	3,6	3,6	4,0	4,0	4,2	3,6	3,9	3,4	3,4	4,0
Normas sociais e culturais	2,7	2,7	2,3	2,4	2,6	2,6	2,6	2,7	2,9	2,9	2,3	2,3	3,1	2,3	2,7	2,6	2,8	2,4	2,9	2,6

Fonte: GEM (Global Entrepreneurship Monitor) España 2016



Ámbito España

Segundo o Global Entrepreneurship Monitor (GEM) correspondente ao ano 2016, a **tasa de actividade emprendedora** en España situouse no ano 2105 nun 5,7%, dita cifra sitúase por debaixo do dato rexistrado en Europa, que foi do 7,8%. Como se pode ver na táboa que ven a continuación, un **73,5%** das persoas entrevistadas na elaboración do GEM **emprende por oportunidade** (iniciativas que aproveitan un negocio detectado), e un **24,8%** que opina que **emprende por necesidade** (iniciativas creadas por falta de alternativas de empresa).

No referente aos diferentes **sectores**, a maior parte das persoas emprendedoras oríéntanse ao **sector do consumo (51,1%)** e tan só o **4,9%** faíno no **sector extractivo ou primario**.

Táboa 16: Distribución do TEA por distintas características dos negocios identificados (2015- 2016, %)

Distribución do TEA, tomado como 100%	2015	2016	Var. Anual (%)
TEA por necesidade (iniciativas creadas por falta de alternativas de emprego)	24,8%	26,0%	4,8%
TEA por oportunidade (iniciativas que aproveitan un negocio detectado)	73,5%	70,2%	-4,5%
TEA por outro motivo (iniciativas creadas por outros motivos)	1,7%	3,8%	123,5%
TEA do sector extractivo ou primario	4,9%	4,1%	-16,3%
TEA do sector transformador	14,5%	16,2%	11,7%
TEA do sector de servizos a empresas	29,5%	25,1%	-14,9%
TEA do sector orientado ao consumo	51,1%	54,6%	6,8%
TEA sen empregados	50,5%	52,4%	3,8%
TEA de 1-5 empregados	44,9%	38,0%	-15,4%
TEA de 6-19 empregados	4,1%	6,5%	58,5%
TEA de 20 e máis empregados	0,5%	3,2%	540,0%
TEA iniciativas completamente innovadoras en produto ou servizo	10,6%	12,5%	17,9%
TEA iniciativas sen competencia no seu principal mercado	8,5%	10,6%	24,7%
TEA iniciativas que utilizan tecnoloxías de menos dun ano no mercado	11,9%	11,9%	0,0%
TEA iniciativas cuxo sector é de base tecnolóxica media ou alta	7,9%	7,6%	-3,8%
TEA iniciativas que exportan nalgún grao	20,9%	27,8%	33,0%
TEA iniciativas con notable expectativa de expansión a curto prazo	0,2%	0,1%	-50,0%

Fonte: GEM (Global Entrepreneurship Monitor) España 2016

No relativo ás condicións da contorna que favoreceron á actividade emprendedora en España, a seguinte táboa mostra que a educación/formación das persoas emprendedoras (50%), os programas gobernamentais (50%) e a transferencia de I + D (25%) son os apoios máis valorados.

**Táboa 17: Evolución dos apoios á actividade emprendedora en España ordenados por orde de importancia (2010- 2016, %)**

Apoios á actividade emprendedora en España, ordenados por orde de importancia en 2016	% sobre total respostas	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010
Educación, formación	50,00%	1	1	4	6	3	4	2
Programas governamentais	50,00%	1	4	3	5	5	2	1
Transferencia de ID	25,00%	2	7	3	9	6	7	3
Apoio financeiro	22,20%	3	3	3	7	9	5	5
Crise Económica	19,40%	4	2	1	1	0	0	0
Políticas gubernamentais	19,40%	4	4	8	2	2	6	2
Infraestrutura comercial e profesional	16,70%	5	7	5	8	7	9	6
Estado do mercado laboral	13,90%	6	5	2	3	3	1	6
Acceso a infraestrutura física	13,90%	6	8	7	11	9	8	7
Apertura de mercado, barreiras	11,10%	7	7	10	10	7	9	9
Normas sociais e culturais	5,60%	8	5	4	6	4	6	8
Capacidade emprendedora	5,60%	8	6	9	4	1	3	7
Acceso á información	2,80%	9	7	6	10	0	0	0
Custos laborais, acceso a regulación	2,80%	9	8	11	10	0	0	0
Desempeño de pequenas, medianas e grandes empresas	0,00%	10	7	8	11	0	0	0
Contexto político, institucional e social	0,00%	10	8	10	6	8	9	10
Internacionalización	0,00%	10	8	10	11	0	0	0
Composición percibida da poboación	0,00%	10	9	9	11	8	9	10
Clima económico	0,00%	10	9	11	11	1	7	4
Corrupción	0,00%	10	9	11	11	0	0	0
Outros	0,00%	10	9	11	11	0	0	0

Fonte: GEM (Global Entrepreneurship Monitor) España 2016

En Galicia

Segundo o Informe Ejecutivo Galicia do Global Entrepreneurship Monitor (GEM) correspondente ao ano 2015, **a taxa de actividade emprendedora** en Galicia situouse nun 5,51%, dita cifra sitúase por debaixo do dato rexistrado en Europa, que foi do 7,8%. Como se pode ver na táboa que ven a continuación, un **56,5%** das persoas entrevistadas na elaboración do GEM **emprende por oportunidade** (iniciativas que aproveitan un negocio detectado), e un 43,1% que opina que **emprende por necesidade** (iniciativas creadas por falta de alternativas de empresa). Se se comparan estes datos cos correspondentes ao ámbito estatal obtemos unha clara diferenza en canto aos motivos por emprender en Galicia, balanceándose máis cara á necesidade e non tanto ás oportunidades.

No referente aos diferentes **sectores**, a maior parte das persoas emprendedoras oríéntanse ao **sector do consumo (48,9%)** e tan só o **9,3%** faíno no **sector extractivo ou primario**.



En canto as capacidades de empregabilidade, Galicia compórtase de maneira similar ao ámbito estatal, xa que un 51,8% non ten persoas empregadas e un 45,8% terían ata 5 empregados/as.

Táboa 18: Distribución do TEA por distintas características dos negocios identificados (2013- 2014, %)

Distribución do TEA, tomado como 100%	2014	2015	Var. Anual (%)
TEA por necesidade (iniciativas creadas por falta de alternativas de emprego)	37,7%	43,1%	14,3%
TEA por oportunidade (iniciativas que aproveitan un negocio detectado)	57,9%	56,5%	-2,4%
TEA por outro motivo (iniciativas creadas por outros motivos)	5,1%	0,0%	-100,0%
TEA do sector extractivo ou primario	9,3%	8,0%	-13,8%
TEA do sector transformador	19,7%	25,3%	28,4%
TEA do sector de servizos a empresas	22,1%	21,9%	-0,9%
TEA do sector orientado ao consumo	48,9%	44,7%	-8,4%
TEA sen empregados	51,8%	61,7%	19,0%
TEA de 1-5 empregados	45,8%	33,3%	-27,4%
TEA de 6-19 empregados	0,0%	3,8%	3,8%
TEA de 20 e máis empregados	2,4%	1,3%	-45,8%
TEA iniciativas completamente innovadoras en produto ou servizo	10,3%	5,5%	-47,2%
TEA iniciativas sen competencia no seu principal mercado	11,1%	11,0%	-1,5%
TEA iniciativas que utilizan tecnoloxías de menos dun ano no mercado	4,0%	12,9%	221,5%
TEA iniciativas cuxo sector é de base tecnolóxica media ou alta	6,2%	8,2%	32,3%
TEA iniciativas que exportan nalgún grao	28,6%	27,2%	-5,0%
TEA iniciativas con notable expectativa de expansión a curto prazo	1,3%	0,3%	-76,4%

Fonte: Informe Ejecutivo Galicia 2015. GEM (Global Entrepreneurship Monitor)

En canto ás **oportunidades para emprender en Galicia**, nese mesmo estudo reflíctese que o **21.02% percibe boas oportunidades para emprender**, e no referente ás habilidades e coñecementos o **44,88% opina que ten habilidades e coñecementos para emprender en Galicia**.

Respecto da poboación en xeral, as persoas emprendedoras galegas manifestan un menor temor ao fracaso, afirman ter capacidade para explotar unha idea de negocio, e identifican en maior medida oportunidades de negocio na contorna. A porcentaxe de persoas emprendedoras que coñece a algún outro emprendedor ou emprendedora incrementouse en 2015, mentres que se reduciu entre a poboación en xeral, así como tamén descende o número de emprendedores/as que cesou a súa actividade mercantil.




Os factores da contorna mellor valorados son as infraestruturas, o ensino postsecundaria e a dispoñibilidade de apoio financeiro, pola contra, os peor valorados son a apertura do mercado interno e o ensino primario/secundaria.

A continuación vemos no gráfico o reflexo en porcentaxes dos obstáculos para o emprendimento en Galicia segundo expertos no 2015.

Gráfico 16: Comparativa das valoracións para as condicións baseadas en innovación para emprender en países da UE e media de España

Fonte: Informe Ejecutivo Galicia 2015. GEM (Global Entrepreneurship Monitor)



Como se pode ver na táboa da comparativa entre a procedencia das persoas emprendedoras nos diferentes contornos (rural e urbano), en Galicia implántanse máis proxectos de emprendeduría preto das cidades e é unha tendencia que amplía a brecha aínda máis entre as distintas localizacións xeográficas.

Táboa 19: Implantación en contorna rural ou urbana do emprendedor/a segundo a fase do proceso (% , 2014-2015)

Implantación	Emprendedor/a potencial			Emprendedor/a nacente			Emprendedor/a novo/a			Emprendedor/a incipiente			Emprendedor/a consolidado/a			Emprendedor/a que abandonou		
	2014	2015		2014	2015		2014	2015		2014	2015		2014	2015		2014	2015	
Urbano	86%	92%	↑	86%	87%	↑	83%	86%	↑	84%	86%	↑	78%	81%	↑	81%	83%	↑
Rural	14%	8%	↓	14%	13%	↓	17%	14%	↓	16%	14%	↓	22%	19%	↓	19%	17%	↓

Fonte: Informe Ejecutivo Galicia 2015. GEM (Global Entrepreneurship Monitor)


A muller emprendedora galega

No ano 2015 a tendencia de crecemento da TEA mantense no caso das mulleres, pero resulta moito máis alta no caso dos homes, incrementándose de novo a distancia entre ambos en relación cos datos do 2014.

Analizando os datos do gráfico que se mostra a continuación, vemos a tendencia de crecemento, aínda que non moi estable, como se pode ver na baixada do índice nos anos 2013 e 2014.


Gráfico 17: Evolución do TEA en función do sexo (2005-2015, %)

Fonte: Informe Ejecutivo Galicia 2015. GEM (Global Entrepreneurship Monitor)



No ano 2015 (últimos datos por CC.AA) Galicia tiña unha posición de noveno posto en relación con outras CC.AA en canto a TEA feminino.

Por último, engadimos unha táboa con datos en porcentaxes, que reflexan a actividade emprendedora e a dinámica empresarial en función do sexo do ano 2015.

Táboa 20: Actividade emprendedora e dinámica empresarial en función do sexo (2015, %)

Actividade Emprendedora	Home	Muller	Total
Emprendedores potenciais	4,80	3,71	4,30
Iniciativas nacentes	2,30	1,49	1,89
Iniciativas novas	4,11	3,13	3,62
Total de iniciativas emprendedoras en fase incipiente: TEA 2015	6,40	4,62	5,51
Iniciativas consolidadas	10,72	10,51	10,61
Cesamento efectivo de iniciativas	2,41	2,27	2,34

Fonte: Informe Ejecutivo Galicia 2015. GEM (Global Entrepreneurship Monitor)



3.4. OPORTUNIDADES DE EMPREGO E NEGOCIO EN GALICIA

Segundo o informe emitido polo Círculo de Empresarios “Breve reflexión sobre a economía de Galicia 2017”, se pode observar que a pesares do descenso do crecemento da economía no 2017 e das posibles incertezas que parecen xurdir nalgúns dos sectores produtivos, destácanse os seguintes puntos fortes, que fagocitarán unha serie de oportunidades na comunidade galega. Dentro deste marco, é importante sinalar as condicións medioambientais de Galicia, de disposición xeográfica e de dispoñibilidade de recursos naturais, de cara a explotación de enerxías renovables, todas elas condicións que son propicias, xunto cun bo nivel de vida proporcionado por prezos moderados, acceso á vivenda, e unha boa dotación dos servizos públicos, para que o desenvolvemento en sectores de produción medre, aumente a competitividade, a innovación, e a dotación de recursos cara o emprendemento e consolidación de empresas, e por conseguinte, cara un aumento da empregabilidade.

O primeiro punto importante que se destaca dentro dos sectores produtivos en Galicia, son as empresas do sector téxtil e automobilístico, lideradas por INDITEX e PSA Peugeot-Citroën, que a día de hoxe compiten no mercado nacional e internacional. Dentro dos sectores produtivos, obsérvase tamén unha aposta pola innovación, que vai da man da capacidade de posicionar mellor as producións nos mercados. Outra das cuestións a destacar, é a mellora da cualificación e da alta especialización dos recursos humanos, a pesares de non estar en cotas de países europeos de similares condicións, e ademais, implantouse notablemente o traballo en rede, polo que melloramos a linguaxe comunicativa entre empresas provedoras e coa clientela, favorecendo o crecemento da eficacia a todos os niveis.

Outra das cuestión importantes, en canto a puntos clave de cara a xerar oportunidades de negocio e emprego en Galicia, é a aposta por poñer recursos, a disposición das iniciativas emprendedoras, co obxectivo de favorecer novas propostas empresariais, pero tamén de fortalecer e consolidar as empresas que o precisan, de cara un tecido empresarial estable e con vocación de futuro. Xunto cos recursos que poñen as administracións ao servizo do emprendimento e do emprego, existen recursos tamén que veñen da man de potentes asociacións empresariais, dedicadas a diferentes sectores e nichos de mercado, así como clústeres sectoriais, e todos eles destacan pola contribución que fan como axentes que apostan pola innovación, pola formación dun xeito activo e influínte no mercado empresarial e laboral.

Para rematar, pódese falar de que en Galicia existe unha dotación infraestrutural de calidade, aínda que se identifican déficits, en canto a combinación dos diferentes medios de transporte, facilitando así os desprazamentos pola comunidade, pero tamén con mercados dentro da península, e mercados externos, como poden ser os europeos. Pola contra, temos un tráfico marítimo de condicións inmejorables, e cun potencial loxístico, que se espera acade niveis anteriores a época da crise.

Por todo isto que se está a relatar, xunto coas novas tendencias derivadas de todos os recursos dos que se dispón, existen nichos de oportunidades que veñen por unha banda, do crecemento exponencial no sector do téxtil, coa demanda en alza de todos aqueles produtos de moda, asequibles e a bo prezo, e a futura “conversión” da fast fashion á slow fashion, pero impulsado tamén por empresas punteiras no sector como INDITEX.

Na liña de sectores produtivos punteiros en Galicia, o automóbil non á ser menos, e velaí está a aposta do sector polo desenvolvemento do coche eléctrico e compoñentes de gran valor engadido como as baterías, que son un futuro a curto prazo dentro do mercado europeo da automoción.



Outro dos puntos fortes, e que ofrece unha chea de oportunidades, é o sector naval, pola alta demanda de barcos de alta calidade que se producen en Galicia, no só construtivamente, senón a nivel tecnolóxico punteiro. Neste senso, as políticas fiscais semellan favorables para os investimentos na construción naval, polo que redunda novamente na apertura de oportunidades.

Vinculado co sector da pesca, tese que falar da mellora de perspectiva en canto as extraccións de peixe nos caladoiros para a súa posterior comercialización, así como tamén das opcións de proporcionar portos con caladoiros e a infraestrutura necesaria, para dar saída ao tráfico marítimo que anda na procura de portos en Europa menos saturados, e que atendan ás necesidades económicas en crecemento do escenario actual internacional.

Tamén se fai fincapé, en relación coa apertura con Europa, as posibles alianzas co mercado portugués, que ademais da proximidade, oferta custos de produción a bo prezo en determinados sectores ben desenrolados, ou que se complementan noutros casos, co sistema produtivo galego. Seguindo coas oportunidades con países europeos, afóndase no turismo, que é un dos sectores punteiros da economía española, e que non deixa de medrar. En Galicia, temos un desenrolo inferior que no resto do país, pero estamos en índices positivos de crecemento debido á demanda turística europea, de destinos máis enfocados á gastronomía, á cultura, a destinos para practicar deporte e aventura, etc.

Por último, mencionar o aumento na demanda de produtos do sector primario, así como o papel tan importante que desenrolan na descentralización de actividades, e no coñecemento en tecnoloxía que impulsan as TICs (Tecnoloxías de Información e Comunicación). E tamén, vinculado co desenvolvemento das tecnoloxías, pero no eixo das enerxías renovables, é importante esa inversión en coñecementos e desenrolo cara unha redución de custos das mesmas.

A woman with dark hair, wearing a white button-down shirt, is smiling and gesturing with her hands over a document on a wooden desk. The background is a blurred brick wall. A blue rectangular overlay is positioned on the right side of the image, containing a large white number '4' and the text 'ANÁLISE DAS ENTREVISTAS' in white capital letters.

4

ANÁLISE DAS
ENTREVISTAS



4. ANÁLISE DAS ENTREVISTAS

Neste apartado preséntase as conclusións das 18 entrevistas realizadas no estudo. Éstas analízanse a través da segmentación dos obxectivos establecidos en 4 temáticas específicas: situación socio- económica de Galicia, oportunidades de negocio, medidas para apoiar a creación de oportunidades de negocio e propostas de mellora. Inténtase aportar unha reflexión acerca dos diferentes temas tratados por parte das persoas entrevistadas, aportando exemplos en forma de citas textuais para corroborar o exposto. Ao mesmo tempo, tamén se expoñen as discrepancias existentes ou detectadas nos discursos en función da entidade de procedencia ou lugar e do sexo dos entrevistados e entrevistadas.

4.1 Situación socio- económica de Galicia

O primeiro tema que se tratou coas persoas entrevistadas foi a situación socio- económica galega en xeral, é dicir, obter unha visión global a nivel autonómico e municipal tendo en conta os seguintes aspectos: economía galega, estrutura ocupacional e relevancia dos sectores nos que pertencen as diferentes persoas entrevistadas, situación das empresas da comarca, etc.

Segundo a opinión da maioría das persoas entrevistadas, nestes últimos anos a economía galega experimentou un crecemento moderado; de feito, en canto a situación correspondente á provincia de A Coruña, o 2016 foi un ano de creación de emprego. Estas opinións corrobóranse cos datos estatísticos, xa que, no cuarto trimestre de 2016 A Coruña situábase como a decimonovena provincia con menor taxa de paro, por diante de Asturias, Madrid e Barcelona; e en relación tanto coa poboación activa como a ocupada, ambas víronse aumentadas máis dun punto porcentual a primeira e case tres puntos porcentuais a segunda. En canto a poboación desempregada, esta diminuíu máis dun 7%, sendo o 2016 o cuarto ano consecutivo que descende.

Algunhas citas das entrevistas avalan ditas argumentacións de mellora socio-económica:

“A información que ofrecen os principais indicadores económicos, mostran que A Coruña atópase nunha situación de crecemento moderado da economía, onde os principais sectores están a alcanzar niveis de crecemento positivo” (Muller 1)

“Nos últimos datos da EPA falan en positivo en relación co aumento no emprego entre os xoves” (Muller 3)

Nas valoracións dos datos das persoas que se corresponden a distintas zonas da provincia de A Coruña, a visión segue a ser semellante, atopándose certa melloría nas distintas comarcas ou poboacións.

“Está a haber un crecemento moderadamente positivo, ao igual que no número de novos emprendedores, aínda que atopamos un número importante deles que o son por necesidade” (Home 3)



“Actualmente estamos a ver unha recuperación económica en Ferrol-terra e comarca. Despois da crise do naval, que aquí afectou moito, podemos ver unha leve recuperación, hai un descenso do índice de paro, e agora toca reinventarse” (Home 1)

“En Galicia si vemos que hai unha recuperación nos últimos anos, e isto é tanto no número de novas empresas creadas como na creación de emprego” (Muller 8)

En relación cos sectores económicos, de novo a opinión das persoas entrevistadas coinciden cos datos que se reflicten do Instituto Nacional de Estatística (INE), os cales indican que o sector servizos é moi importante para a economía da provincia de A Coruña (71,11% da xeración do PIB provincial), máis de tres puntos porcentuais que en Galicia. Por outra banda, un sector que está a medrar na provincia, e en toda Galicia, é o turístico, tal e como comenta unha das entrevistadas:

“O sector do turismo crece porque Galicia, e o estado español, empeza a ser un destino lowcost pero con calidade, que se pode permitir toda a xente” (Muller 2)

Analizando outros sectores, pódese indicar que o da construción de edificios experimentou tamén unha melloría, véndose incrementados os visados de obra nova. Igualmente a licitación de obra pública segue aumentando tamén en porcentaxes moi altas, superiores ao 50% en termos de miles de euros licitados. Os sectores que tamén viron incrementadas as súas ratios e son dignos de mención foron os de agricultura, a industria e o comercio, tal e como destacan as entrevistadas:

“Estamos nun período de recuperación. Aínda que cremos que nesta localidade non se percibiu tanto os seus efectos como en outras. Nótase por exemplo no comercio, que está subindo o consumo interno” (Muller 9)

“Arteixo é un dos municipios onde o crecemento de emprego foi continuado, non so por empresas, se non tamén polo consumo que xera a xente que ven a traballar e que gasta no concello (en restaurante, comercio, supermercado, etc.” (Muller 7)

“En servicios sí vemos unha leve melloría, sobre todo en restauración, terceira idade, novas tecnoloxías, alimentación” (Muller 4)

Por último, as persoas participantes no estudo son conscientes de que un dos puntos fortes da economía coruñesa en particular, e da galega en xeral, é o seu comercio exterior. Neste caso, a balanza comercial está en posicións de superávit, xa que, ademais de aumentar as exportacións, diminuíron as importacións durante o ano 2016. Isto está claramente relacionado ao efecto tractor do sector téxtil, sendo Inditex o holding empresarial que provoca gran parte destas exportacións.



“No polígono de Sabón non detectamos a crise, xa que aquí está ubicada a empresa Inditex e moitos dos seus provedores. Tan so unha pequena parte non o son, e estas si que se viron algo afectadas, que son do sector construción ou alimentación” (Muller 7)

En canto as aportacións obtidas para o resto das provincias galegas, incluíndo a división entre áreas urbanas e rurais, as opinións seguen sendo similares ás comentadas para a provincia de A Coruña, é dicir, existe un lixeiro crecemento da economía en xeral. E os sectores que destacan tamén son os de servizos, agroalimentario e téxtil.

“Galicia é maioritariamente rural en canto a xeografía, pero o desenrolo está sobre todo en dous núcleos ou áreas urbanas. Nese entorno rural hai empresas maioritariamente de gandería, mar, forestal e vitivinícola. As empresas lácteas melloraron con respecto a anos pasados, e considero que van ir a mellor, xa que teñen que subir máis o prezo do leite” (Home 5)

“Melide ten unha boa localización, sobre todo mellorou coa apertura da autovía ata Palas de Rei. Aquí vemos recuperación co comercio e a construción conseguiron que a recesión non fora tan grande gracias a que se abriron a novos mercados. O comercio ten un ámbito grande de influencia. Dende o ano pasado vemos que se está a recuperar e nótase tamén na creación de postos de traballo, pero aínda non se chegou ao índice do ano 2005-2006” (Muller 6)

“Dentro das empresas de AJE Lugo hai un crecemento lento na xeración de emprego, é moi lento, pero o que si é bo e que é un crecemento sólido que se mantén no tempo. A economía da provincia de Lugo está marcada máis polos servizos, aínda que tamén hai outro sector agora importante para o desenrolo e no que se está a facer unha grande inversión, como é o sector aeronáutico, para o que se está a facer un parque tecnolóxico. Tamén son sectores con potencial o agroalimentario e o madeireiro/forestal” (Home 4)

“Ben optimismo, ben que vai aumentando un pouco o consumo interno, pero ben tamén que teñen que abrírse a novos mercados que foi o que axudou a moitas durante a crise que vivimos. Subsectores como o agroalimentario, e toda a industria da moda e das súas empresas provedoras de servizos que en Ourense teñen unha gran relevancia” (Home 3)

“Na provincia de Pontevedra os sectores que lideran o crecemento son: os servizos, a automoción e a súa industria auxiliar. A industria 4.0, a pesca e o sector agropecuario” (Home 2)

Tras as distintas opinións a favor da recuperación económica, tamén existen as visións de que non se percibe a recuperación económica, ao revés, din que os datos reflicten un aumento do número de persoas sen emprego:



“En la zona de Camariñas no vemos recuperación, la economía se mantiene y las malas estadísticas de paro no ayudan. Aquí sigue en aumento, a diferencia de otras zonas” (Muller 5)

Trala información económica, tamén se fala da situación social, en concreto do problema do descenso dos datos demográficos que están a afectar a toda Galicia e da situación económica da poboación. En canto ao descenso demográfico, a poboación da provincia de A Coruña viuse diminuída nun 0,39% no 2016, un 0,10% menos que no 2015. Este descenso, sendo menor que o rexistrado na comunidade autónoma, é superior ao nacional.

No referente a capacidade económica da sociedade galega, algunhas persoas entrevistadas opinan que se está a perder capacidade económica debido aos cambios nas condicións de emprego producidos trala crise:

“Baixo esta falsa ou mal chamada recuperación económica, os problemas seguen sendo os mesmos, que é un retroceso abrumador na perda de dereitos laborais para todos os traballadores e traballadoras que se traducen nunha perda a parte dun poder adquisitivo porque as condicións de emprego son peores para case todo o mundo, polo tanto unha perda de poder adquisitivo, polo tanto unha perda de consumo que afecta a todos os sectores en xeral” (Muller 2)

“Estamos a ver un rexurdimento no emprendimento, vemos máis propostas e máis colaboración. En canto á creación de emprego, estanse a buscar perfís pero o que temos que vixiar é a calidade do emprego. O problema é que as empresas baixaron as súas marxes e isto repercute nos salarios” (Home 2)

Nesta situación económica e social que está a atravesar Galicia, fálase tamén acerca do perfil prioritario na busca de emprego. Existe un amplo abanico de demanda e de oferta laboral dependendo da localización xeográfica. Así pois, parte das persoas entrevistadas afirman que o perfil que se atopan é o de home e muller que en moitos casos non acabou a ESO e está na busca dun traballo no sector de hostalaría ou comercio:

“Aquí los perfiles que pueden tener oportunidades de empleo son: camareros (pero aquí no tienen mucha formación profesional), el comercio, la pesca y el marisqueo. Son perfiles sin alta formación” (Muller 5)

Por outra banda, hai persoas que comentan que se está a necesitar persoal con formación específica:

“Os perfís que máis se están a demandar son os comerciais. As empresas solicitan perfís con formación específica, sobre todo en vendas e perfís marcados por unha maior actitude” (Muller 4)



“En Bergondo búscanse perfís comerciais, formación comercio exterior e enxeñaría para o sector industrial e para aqueles que dan servizos ás empresas do sector téxtil e refinería” (Muller 8)

“Os perfís que buscan van máis hacia as ramas de ciencias, como tecnoloxía, enxeñería ou perfís técnicos” (Muller 3)

Outros perfís interesantes son os relacionados cos sectores agro- alimentarios e socio - sanitarios:

“Perfís para empresas proveedoras de servizos a conserveiras (manipulador, ...), e tamén para perfil socio – sanitario (coidado de persoas maiores e nenos)” (Muller 9)

“En moitos casos o sector primario, que é o que está maioritariamente no rural foi o que recibiu a desempregados doutros sectores. A maiores, sí vemos oportunidades porque o sector estase profesionalizando. Tamén vemos oportunidades no sector forestal. Tamén o sector vitivinícola é un sector potencial” (Home 5)

Un punto a destacar é a relevancia da estacionalidade no mercado laboral galego:

“Existe un forte compoñente estacional nas ocupacións con maior contratación; entre as dez primeiras, oito teñen o seu punto álxido de contratación nos meses de verán, entre elas camareiros, peóns de industrias manufactureiras, vendedores en tendas e almacéns e persoal de limpeza de oficinas. Máis da metade das ocupacións solicitadas polos demandantes de emprego concéntranse en dous grupos ocupacionais: o grupo 9 (ocupacións elementais) e o grupo 5 (traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores). O patrón de estacionalidade nas ocupacións máis demandadas é claro, os meses de xullo a setembro son os que acumulan un menor número de parados” (Muller 1)

Por último, afondamos na diferencias na contratación entre homes e mulleres. Moitas das persoas entrevistadas comentan a percepción de que existe unha igualdade formal entre ambos sexos, se ben esta igualdade no é real:

“Aínda se ten que explicar que hai traballos nos que unha muller polo feito de ser muller cobra menos que un home. E hainos en todos os postos, directivos e traballadores. No Observatorio Local de Emprego que facemos todos os anos figuran os datos da diferenza salarial entre homes e mulleres, é dicir, cando se analiza no mesmo sector, no mesmo posto as diferenzas salariais nos sae que a media salarial dos homes é maior co das mulleres” (Muller 2)

“Os perfís que máis se buscan son os que teñan cualificacións profesionais, sen diferenza de xénero (tan so en casos puntuais, por exemplo en manipulación téxtil contrátanse máis mulleres, e en traballos do sector industrial máis homes” (Muller 7)



“Os perfís que se están a buscar son: profesionais cualificados, nesta zona un pouco máis de xénero masculino, xente de entre 25 – 30 anos, e sobre todo xente local para o comercio” (Muller 6)

4.2 Oportunidades de negocio

Neste apartado trátase de coñecer as oportunidades de negocio para mulleres e homes na zona ou comarca, facendo especial fincapé nas barreiras ou dificultades que se atopan as persoas emprendedoras e cales son os recursos técnicos que hai a súa disponibilidad por sexo.

Das respostas obtidas en relación coas oportunidades en canto á creación de empresas, reflíctese a importancia da dispersión da poboación en Galicia:

“En Galicia existen concellos cun tamaño moi variable. As capacidades e as limitacións dun municipio de máis de 50.000 habitantes non poden ser as mesmas que as que teñen os municipios de menos de 5.000 habitantes. É necesario atopar solucións distintas a realidades diferentes e isto pasa por contar con entidades que colaboren cos concellos de pequeno e mediano tamaño. En 2015 en Galicia había 200 municipios con 5.000 habitantes ou menos, fronte a só 7 con máis de 50.000 habitantes. O “café para todos” non é válido no mundo local galego” (Muller 1)

Relacionado co desenvolvemento empresarial por comarcas, as de maiores perspectivas para apertura de novos negocios atópanse en A Coruña e Barbanza, ademais das principais cidades galegas:

“Actualmente a balanza migratoria é positiva, e cada vez hai máis oportunidades en Galicia para a xente de 18 a 30 anos. As comarcas que poden ser máis punteiras son A Coruña e Barbanza” (Muller 3)

Centrando a análise cara os sectores con boas oportunidades de negocio, as persoas entrevistadas comentan que as actividades con maior perspectiva son as relacionadas co turismo, comercio, tecnoloxía, servizos socio-sanitarios e produtos agroalimentarios:

“As oportunidades de negocio, teñen que estar vinculadas a proxectos que tratan de dar un xiro a sectores moi arraigados nalgúñas comunidades como o turismo, os produtos agroalimentarios ou os materiais de construción. Están a xurdir pemes que resaltan en segmentos con ampla tradición na provincia, porque saben estar atentos ás demandas do seu público e non teñen medo a variar o seu rumbo rapidamente para darlles o que necesitan e adiantarse aos posibles competidores. Ademais na provincia de A Coruña, destaca especialmente o auxe das empresas dedicadas ao desenvolvemento de aplicacións e sistemas tecnolóxicos, os negocios vinculados ao sector pesqueiro, á



acuicultura, á agricultura e á alimentación. Todos eles apoiados fortemente na venda online para dar o salto internacional.” (Muller 1)

“Sectores onde vemos oportunidades: servizos socio – sanitarios (coidado de persoas maiores e nenos), turismo sostible, turismo náutico, actividades de ocio e no sector conserveiro. Tamén a captación de empresas do sector industrial, xa que están sacando novo chan industrial.” (Muller 9)

“Na nosa área os principais sectores son o primario, é o que está a ter un maior recorrido, e no que vemos tamén posibilidades de creación de emprego” (Home 3)

“Vemos oportunidades en subsectores como alimentación ecolóxica, hortofrutícula, froitos vermellos, etc.” (Home 5)

“En canto a emprendemento vemos oportunidades no sector da enxeñaría, da autonomía e de ocio” (Muller 8)

“Si, temos oportunidades na nosa comarca, onde vemos posibles oportunidades en subsectores como: automatización de procesos, xestión de Viños e elaboración de bebidas ecolóxicas. Tamén vemos oportunidades a desenvolver no sector primario e na venda online” (Home 2)

En canto ao perfil emprendedor, a maior parte das persoas entrevistadas identifícanas como home ou muller de entre 30 e 45 anos, con formación especializada, con experiencia por conta allea previa e que decide abrir unha nova vía para vivir. Tamén se identifican características propias como a capacidade de reinventarse ou de adaptación ao cambio.

“O perfil do emprendedor que temos nós é de entre 30-40 anos, que emprende xa por iniciativa, e con estudos superiores” (Muller 4)

Na identificación das principais barreiras á hora de emprender, as persoas entrevistadas destacan o descoñecemento de todos os recursos que teñen as persoas emprendedoras a súa disposición, e vislumbran que a posible causa pode ser a dispersión de puntos de información. Por outra banda, o rexeitamento ao risco é outra barreira destacable, tanto na inseguridade existente para a xestión ao cambio como para vencer os medos relacionados directamente coa actividade emprendedora: problemas na saúde financeira, elevada mortalidade, etc.

“Outro dos escollos cos que se atopan as empresas no noso país, é o acceso ao crédito bancario. Os bancos continúan poñendo todo tipo de trabas á hora de conceder o crédito e a falta de financiamento supón un dos principais obstáculos aos que se enfrontan pemes e autónomos” (Muller 1)

“Non se valora a segunda oportunidade. Se lle foi mal, non valoran despois o proxecto, xa so ven o fracaso” (Muller 4)



“As principais barreiras para o emprendemento son: as cotas de autónomos, os impostos, as licencias de apertura e a escasa financiación” (Home 3)

As persoas emprendedoras tamén se atopan con barreiras tales como as economías de escala, o alto investimento inicial que requiren a maioría dos negocios para operar de forma eficiente, o acceso a canles de distribución concentrados en mans de poucas empresas, a alta diferenciación dalgún produto existente, a falta de formación especializada nos novos nichos de mercado, as barreiras legais que algúns sectores impoñen á entrada de novos competidores, falta de adaptación ás necesidades reais do mercado, etc.

No que se refire ás diferenzas entre homes e mulleres, a pesar dos logros alcanzados durante estes anos, é necesario poñer de manifesto que os indicadores de igualdade en relación co traballo doméstico e de coidados, así como cos usos do tempo, seguen mostrando unha realidade de relacións persoais e sociais asimétricas entre mulleres e homes, como o reflicten os datos socioeconómicos nos ámbitos europeo, estatal e de Galicia. Isto mostra que aínda persisten roles e estereotipos sociais que inciden no imaxinario colectivo respecto da suposta maior capacidade das mulleres para atender as responsabilidades de carácter familiar, o que continúa dificultando o seu acceso e permanencia no mercado laboral e empresarial debido, entre outras cuestións, a que son as que continúan acolléndose maioritariamente ás diferentes medidas postas en marcha desde as diferentes administracións públicas para promover políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral”.

“Cremos que aquí en Lugo aínda hai unha grande diferenza no emprendemento entre homes e mulleres, sobre todos vemos dous grandes barreiras, por diferenzas culturais e formación” (Home 4)

“No rural pode que se den máis diferenzas de xénero sobre todos nos negocios como explotacións, forestal, etc.” (Home 5)

Outras barreiras que se atopan as persoas emprendedoras teñen que ver coa falta de coordinación entre concellos e os problemas relacionados co chan industrial:

“Hai moito localismo, cada concello está para si e é difícil coordinar todos os concellos, e isto é unha gran barreira para as empresas da comarca. Sucede o mesmo tamén entre asociación de empresarios, e senón traballamos xuntos isto non vai ir mellor. Vemos unha gran diferenza, por exemplo, coa comarca do Barbanza, e nós temos tamén recursos que poderíamos potenciar. As mulleres tenden máis a sectores como o marisqueo e senón o comercio, porque non necesitan formación e parécelles que calquera pode montar ese negocio. Pasa sobre todo en comercio, e despois atópanse que teñen que cerrar. Tamén nos prexudicaron moito as grandes áreas comerciais para o comercio” (Muller 5)

“No ámbito da industria temos un hándicap porque carecemos de chan industrial. Está pendente unha aprobación de ampliación no polígono, feito que pode ser unha grande oportunidade” (Muller 6)



4.3 Medidas para apoiar a creación de oportunidades de negocio

Neste apartado trátase de pescudar as medidas que desde o ámbito público e privado están a levarse a cabo en materia de creación de empresas.

Existen múltiples recursos para o emprendemento dende as distintas entidades públicas e privadas. Dende formación específica, formación en competencias relacionadas con iniciativas empresariais, instalacións (viveiros de empresas ou espazos de coworking), acompañamento na creación e consolidación de empresas, subvencións, etc:

“Na zona de Lugo existen recursos para emprendedores: EOI que da formación, a Deputación, os 2 viveiros de empresas (do concello de Lugo e do CEL), e o IGAPE” (Muller 4)

“Dende o concello de Ribeira acompañamos na creación e consolidación porque buscamos que os proxectos que nazen neste área poidan continuar aquí o seu desenrolo. Axencia de Desenvolvemento Local. Viveiro de Empresas. Coworking en A Pobra. Subvencións de IGAPE e de Axencia de Desenvolvemento Local” (Muller 9)

“Hai centros de emprego da mancomunidade, Confederación de empresarios de Ferrolterra, Asociación de empresarios sectoriais (hostalaría, naval, TIC, etc.). Tamén hai subvencións para a actividade e despois crédito bancario. Aquí sí que vemos máis subvencións no pasado a mulleres e esto fixo que aumentaran o número de emprendedoras, especialmente en: confección, repostería, psicoloxía ou centros de idiomas” (Home 1)

“Dende AJE Lugo, facemos asesoramento. Tamén dende o CEL, o Concello, a EOI e o IGAPE. Tamén hai dous espazos de coworking, en Lugo e en Viveiro. Dende a Xunta, o IGAPE permite o crédito inicial, que axuda na posta en marcha de proxectos” (Home 4)

“Oficinas agrarias locais. Formación a través da dirección xeral de medio rural. Subvencións do IGAPE e a das Consellerías” (Home 5)

Analizando as accións relacionadas coa formación para os/as xoves, estas céntranse, primordialmente, en formación de competencias e en facilidades económicas específicas:

“Formación en habilidades e destrezas, como pode ser o traballo en equipo, a comunicación, dotes comerciais, e aquí, dende a dirección xeral aínda nos queda un bo traballo por facer” (Muller 3)

- “Nós ofertamos subvencións específicas para xente nova, e esgotamos os cupos anuais” (Muller 3)

Todas as persoas entrevistadas coñecen a existencia de recursos destinados para a creación e consolidación de empresas de mulleres.



4.4 Propostas de mellora

Neste apartado o obxectivo principal é coñecer as melloras que, desde o punto de vista das persoas informantes clave, sería necesario introducir para facilitar a creación e consolidación de empresas.

Propostas relacionadas coa formación e o asesoramento empresarial:

“Formación en habilidades e destrezas, como pode ser o traballo en equipo, a comunicación, dotes comerciais, e aquí, dende a dirección xeral aínda nos queda un bo traballo por facer” (Muller 3)

“Potenciar a profesionalización do sector primario. Coidado do medio ambiente (o problema dos incendios). Potenciar o emprendemento a través da educación / formación” (Home 5)

Propostas relacionadas coa centralización e unificación dos distintos entes relacionados co emprendimento:

“Centralización e unificación dos entes que ofrecen asesoramento aos emprendedores, sobre todo a xente nova”. “Hai moitos entes que dan información pero vemos que á xente non lle chega a información, teñen asociacións, asesorías, ..., pero isto hai que centralizalo e unificalo” (Muller 3)

- *“É preciso continuar cos esforzos iniciados por simplificar os procedementos para a constitución e a supervivencia/consolidación das empresas, impulsar a teletramitación e a coordinación interadministrativa, e garantir a unidade do mercado a nivel estatal. O traballo das administracións por mellorar a calidade de vida da cidadanía cada día, pasa por crear unha administración máis lixeira, moderna e eficiente que preste os seus servizos coa maior calidade beneficiando a persoas promotoras de ideas. É importante neste sentido difundir e apostar polo Portelo Único Empresarial (VUE) que ten por obxecto o apoio aos emprendedores na creación de novas empresas, mediante a prestación de servizos integrados de tramitación e asesoramento empresarial”* (Muller 1)

Propostas de mellora da financiación e a fiscalidade:

“Mellorar a financiación, tanto para pemes que estean a comezar, como para empresas consolidadas” (Muller 4)

“Un aumento máis que das subvencións, reducir os custos iniciais, xa que as axudas chegas só despois do comezo. Sobre todo de cotas de autónomos. Redución de impostos (Home 1)



Propostas de comunicación e sensibilización:

“Así mesmo, outras medidas neste sentido deberían orientarse cara ao fomento da vocación emprendedora e da figura do empresario entre a sociedade, con campañas de sensibilización cidadá e información pública sobre o papel clave da empresa na sociedade e a economía do país como eixo vertebrador e garante do benestar” (Muller 1)

Propostas para a consolidación de empresas:

“Consideramos que hai que incrementar o apoio á consolidación empresarial. Non queremos crear fábricas de emprendedores (Home 4)

Propostas para a mellora da coordinación entre universidades e empresas:

“Mellorar a coordinación entre universidades e empresas, porque parece que vivimos en mundos paralelos e senón se fai isto vai pasar factura. Un exemplo, sería a gran industria téxtil que temos en Galicia e que non hai unha carreira de enxeñaría téxtil. Por último, vemos necesidades específicas de formación en emprendemento” (Home 4)

Propostas de mellora para os espazos físicos:

“A nivel empresa, ampliación do chan industrial e poñelo a un baixo coste para captar empresas” (Muller 6)

A blurred background image showing a group of people in a meeting or discussion. The image is out of focus, with people's silhouettes and colors (purple, brown, pink) visible against a bright, overexposed background.

5

ANÁLISE DOS GRUPOS
DE DISCUÇÃO



5. ANÁLISE DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN

A continuación procédese á exposición dos resultados obtidos dos dous grupos de discusión. A análise preséntase organizado en varias temáticas específicas: situación socio – económica actual de Galicia e das diferentes zonas ou comarcas, mulleres e homes no emprego da zona ou comarca, mulleres e homes na creación e consolidación de empresas da súa zona ou comarca, propostas de mellora. Os dous grupos analízanse de forma comparada, pois ambos discursos diverxen sensiblemente en aspectos relacionados co desenvolvemento socio – económico dependendo da situación xeográfica. Aínda que os discursos extraídos das persoas pertencentes as comarcas de A Coruña, Santiago de Compostela e Barbanza conflúen na mesma idea da situación actual económica e empresarial galego, as maneiras de analizar e afrontar as diferentes propostas difiren nos distintos perfís.

5.1 Situación socio- económica actual de Galicia e das diferentes zonas ou comarcas

Neste apartado analízanse a situación socio–económica actual e futura de Galicia e das diferentes comarcas, e as oportunidades de desenvolvemento da mesma.

Segundo os datos estatísticos da economía española e galega, existe unha moderada recuperación trala crise dos anos pasados. A opinión das diferentes persoas que participaron nos grupos de discusión reflicte que é evidente que ese crecemento é moderado, incluíndo un cambio de ciclo económico, e que a nova economía non volverá a acadar os niveis das vivencias anteriores, é dicir, non se volverá a xerar un emprego de masas.

“Creo que en general se percibe cierto optimismo (...) las empresas con un poco de más antigüedad perciben una mayor demanda de todo, tanto de productos como de servicios dependiendo del sector; yo creo que hay una ligera mejoría del sector y que se empieza a percibir en las empresas” (Home 2, GD1)

“É unha situación de debilidade. Viñemos dunha época desastrosa, os anos 2010, 2011, 2012; e eu creo que a situación actual, trala recuperación da economía e do emprego, é dun emprego pouco consolidado” (Home 1, GD2)

Xunto coa percepción da saída da crise tamén xorden dous conceptos importantes: a comodidade á situación precaria (ou adaptación ás circunstancias) e o estancamento na situación, sobre todo nas zonas rurais onde non se perciben tantas oportunidades laborais ou de iniciativas para emprender:

“Creo que coa crise a poboación se adaptou un pouquiño ao medio, é dicir, no sentido de acostumbrarse a vivir con un pouco menos; entón estancámonos aí e non facemos o esforzo de saír, o que tamén pode levarnos ao acomodamento da poboación. En Galicia temos unha poboación envellecida que en xeral cobra pensións e, no que eu coñezo, hai moitas familias que tiveron que vivir a conta das pensións que había na casa, e segue pensándose que mentres teñamos a pensión e nos arranxemos con iso....” (Muller 2, GD2)



“(...)yo no creo en la recuperación, somos una sociedad pobre y el mal job está absolutamente instalado porque realmente no hay dinero en los bolsillos y por tanto no se puede consumir. Y si no hay consumo interno no hay nada que hacer, es decir, las situaciones macro acaban en la micro, y en Coruña igual” (Home 1, GD1)

En canto á demarcación económica na xeografía galega, queda reflexado unha vez máis a importancia do eixe atlántico e as empresas instaladas nas principais cidades galegas, como son: A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela. Grazas a eses emprazamentos, os concellos limítrofes beneficianse do movemento económico xerado.

“Yo diría que en ámbito de la Coruña, hay una cuestión importante que marca un poco lo que es la situación actual, que es digamos la influencia de Inditex. Es decir, ha conseguido dar estabilidad en la crisis, o sea en la zona no ha sido de las más perjudicadas porque efectivamente hay una empresa de referencia y está marcando un poco las tendencias en el sentido de la inversión. En lo que es la ciudad, seguro, y en Arteixo también. Y en lo que es la comarca” (Home 1, GD1)

“Santiago ten unha industria de mui alto valor engadido, de feito o sector que máis valor engadido aporta a economía do concello é o industrial, non é o turístico, non é o sector servicios, sigue sendo o industrial, pero as veces parece que estamos afogando un pouquiño ese sector industrial, como que non lle damos as condicións para para medrar” (Muller 4, GD2)

Por outra banda, tamén se destaca das conversas dos grupos de discusión a clara dependencia da economía galega ao sector de emprego público:

“(...) yo creo que Santiago de Compostela tiene un problema estructural como ciudad y que ese problema es que vive en torno al funcionariado, digamos a la Administración Pública y en torno a la universidad” (Muller 1, GD2)

Por último, na análise das diferentes zonas detéctase unha clara diferenza entre o marco urbano e o rural e que a este último non lle está case a chegar o desenvolvemento empresarial pese aos esforzos dalgunhas entidades públicas e privadas:

“(...) o rural existe, é dicir, o ochentetantos por cento é rural, (...), aínda que non está toda a poboación alí tamén poden xurdir oportunidades. (...) no AGAIN díxéronme que o 90% da innovación se facía en dúas provincias, provincia da Coruña e a de Pontevedra; o ochentetantos se facía na área metropolitana de Coruña, proxectos liderados por esas áreas metropolitanas cando estamos falando de innovación, normalmente os clústers da zona de Vigo son moi potentes, está o clúster do automóvil, está Aimen, está Energylab, (...)” (Home 1, GD2)

“Cando ti miras realmente proxectos para empresas entón o mapa cambia, é un pouquiño máis diverso; aínda así dígoche unha cousa, o rural aquí en Compostela eu creo que non



existe nin como concepto, ou sexa, que a xente vai ao rural cando quere comprar unha casa grande, que ten vistas...” (Muller 4, GD2)

“Non existe en Santiago, ti imaxínate cal era a miña reflexión de dicir que non existe nin en A Coruña, nin en Lugo, nin en Ourense, é dicir logo Ourense xa non existe, toda a provincia, xa que é rural...” (Home 1, GD2)

5.2 Mulleres e homes no emprego na zona ou comarca

Neste apartado trátase de pescudar sobre a situación do emprego nas empresas da comarca e a participación das mulleres en relación coas oportunidades laborais.

De novo, nos grupos de discusión coméntanse dúas perspectivas ben diferenciadas, a visión rural e a visión urbana. En canto á visión urbana (e de zonas limítrofes), a situación é favorable en canto ao rexurdimento de postos de traballo. Polo contrario, en moitas zonas do rural esta percepción non é a mesma:

“En Arteixo en general lo que estamos notando desde el Departamento de Promoción Económica y Empleo es que en los últimos meses sí se han incrementado las ofertas de trabajo sobre todo en el ámbito de la soldadura, infraestructuras, etc.” (Muller 1 GD1)

“En Sada hay sector primario, el puerto, marinería, hay demanda de rederas. Estamos intentando homologar un curso de rederas porque están viniendo las de Malpica a hacer esa labor. A mayores también hay demanda de empleo para el puerto deportivo por las labores de mantenimiento” (Muller 4, GD1)

“(…) Nós estamos intentando traballar coa xuventude, e é moi complicado, e sobre todo coa xuventude no rural, é moi complicado de traballar e de animar (...)” (Home 1, GD2)

O perfil de persoas que están en busca de emprego é moi dispar e depende en moitos casos do seu lugar de procedencia. Nos grupos de discusión falouse de xente preparada e cualificada por un lado e por outro lado, aquelas que case non teñen estudos:

“O noso perfil de persoa desempregada en Santiago non ten moito que ver con outras zonas de Galicia. Efectivamente aquí hai un perfil de moi alta formación nas bolsas de emprego i ademais é un perfil que non ten identidade ou relación coa cidade, xa que veu aquí para estudar e comeza a buscar traballo pero a súa vocación non é asentarse na cidade, é utilizar os servizos da mesma como unha plataforma para conseguir o éxito. Por certo, o éxito que lle estamos a vender dende fai moitos anos é ir traballar fora, nas grandes empresas” (Muller 4, GD2)

“El perfil mujer mayor de 45 años está buscando en atención sociosanitaria básicamente, o comercio, o supermercados o incluso hostelería de cocinera. También existe el perfil de peón de construcción que lleva 10 años desempleado. Eso por un lado, por otro lado están los arquitectos o licenciados en Derecho y demás, y ahí casi no tenemos paro” (Muller 4, GD1)



Existe un segmento da poboación con altas dificultades á hora na busca de emprego, non so por non ter formación, se non por quedarse obsoleto para as profesións futuras:

“É dobremente doloroso ver como hai un proceso de selección para persoal de limpeza (traballo digno como o que máis) pero é dobremente doloroso porque son aquelas persoas máis formadas as que veñen ao proceso e polo tanto como tamén son as máis formadas son as que si lle fas unha proba, as pasan. Por contra, outras persoas que non teñen posibilidade de acudir a outro posto están vetadas por estas (...) dobremente doloroso porque estes últimos non poden acceder a máis opcións que a ese traballo e que non acceden porque hai outras persoas máis formadas que llo adiantan” (Muller 2, GD2)

“(...) dejar en la cuneta a muchísima gente que no es reciclable de ninguna manera, pero no el peón de albañil, sino el cargo medio directivo de una empresa con 45 años que es economista que no se va a reciclar en la tecnología jamás y que va a quedar absolutamente fuera de juego principalmente por actitud, porque no va a querer hacerlo” (Home 1, manuel, GD1)

“En Arteixo lo más difícil de insertar es un hombre mayor de 45 años que se dedicaba a la construcción y lleva años desempleado. Así que no está cualificado. Las mujeres en esa situación dentro de lo que cabe tienen más, por así decirlo, la vía del sociosanitario si consiguen sacarse el certificado de atención sociosanitaria o atención a domicilio, esa gente se va insertando. El desempleo está en trabajadores no cualificados. Los cualificados se insertan, ahora mismo, que se está moviendo un poco más. Si que se insertan, seguro. El problema es en los no cualificados. Y sobre todo en hombres” (Muller 1, GD1)

“Eu creo que en Coruña polo menos agora mesmo un dos focos que máis nos preocupa é a poboación nini e xoves non sei si de 25 anos (máis ou menos) sen ningún tipo de formación, sen ningún tipo de experiencia profesional e aparte eu creo que con unha socialización dificultosa. E logo o outro perfil que a nós nos preocupa especialmente e tamén interxénero serían maiores de 45 de baixa cualificación sobre todo con dificultades na súa rede, social como para atopar encaixe, que poden o mellor subsistir con algo de economía sumerxida e sobre todo con rendas” (Muller 3, GD1)

Nos grupos de discusión coméntase tamén a preocupación pola xeración de emprego precario:

“A ver, el empleo evidentemente es precario (...) es estacional, los contratan seis meses, los echan y los vuelven a coger” (Muller 1, GD1)

“Tamén se está dando outro tipo de precariedade, que é a precariedade da sobreexplotación laboral. Quero dicir xornadas de traballo interminables” (Muller 3, GD1)

En relación coa brecha existente nas oportunidades de emprego, as persoas que participaron nos grupos de discusión opinan que existe diferenza entre os dous sexos aínda que os datos mostren una aproximación entre os distintos indicadores:



“O que din os datos de emprego é se está a equilibrar a taxa de desemprego entre homes e mulleres, incluso a taxa de emprego de actividade de mulleres está un pelín por enriba da dos homes. Cousa que nunca se dera na historia. Sempre nos queixabamos do contrario” ... (Muller 3, GD1)

“Bueno de hecho yo bajaría la dificultad a los treinta y pocos... ya que ya para la mujer existe una dificultad. Primero por el quedarse embarazada después por conciliar normalmente se dedican más al cuidado del menor” (Home 2, GD1)

“(...) Creo que está habendo unha certa involución de mulleres que deciden dar o paso da maternidade e que deciden retirarse da vida laboral. E gustárame ter un estudo sobre iso. Por que aparte creo que incluso está habendo teorías filosóficas que están acompañando esa visión. O problema desas mulleres e cando se queren reinsertar. Quero dicir, pasaches 10 anos da túa etapa de maior produtividade profesional, sobre todo para mulleres con perfís cualificados e logo a reinsertión é complicadísima” (Muller 3, GD1)

5.3 Mulleres e homes na creación e consolidación de empresas na súa comarca

Neste apartado trátase de pescudar as accións que se están a levar acabo ou que poden propoñerse en relación coa creación e consolidación de empresas nas diferentes comarcas.

Segundo a opinión das persoas participantes nos grupos de discusión, existe un amplo abanico actividades empresariais se ben algunhas son comúns e moitas das localidades analizadas:

“En Arteixo, respecto a actividades económicas y emprendimiento desde el Ayuntamiento lo que más nos llega es lo mismo que nos llegaba siempre, sector servicios, comercio y hostelería. También están apareciendo nuevas empresas, tenemos algunas de economía circular que están montando empresas de temas tanto de agricultura ecológica como de producción textil con materiales ecológicos” (Muller 1, GD1)

“En lo que es la comarca. En el comercio y la hostelería, y las empresas dependientes de la actividad de Inditex que son muchas” (Muller 1, GD A Coruña)

“En Coruña Emprendemento en Comercio hostelería y servicios” (Muller 2, GD1)

“En Coruña Están los servicios. O sea, arquitectos, abogados, informáticos de todo tipo desde creación de webs hasta mantenimiento de equipos” (Home 2, GD1)

O perfil emprendedor é moi heteroxeneo, tanto pola súa motivación para emprender (oportunidade vs necesidade, ou falso emprendedor), como polas distintas actividades que se queren desenvolver:

“El emprendimiento es ese perfil de gente que no encuentra inserción en el trabajo por cuenta ajena y lo utiliza como último recurso entonces bueno es un emprendimiento” (Muller 4, GD1)



“En Sada tenemos básicamente comercio y hostelería, los llamados microemprendimientos. Por otro lado, gracias a la Reserva de la Biosfera Que también ha puesto en marcha algo de emprendimiento verde y que ha desarrollado Planes integrales de empleo relacionados con la agricultura, pues hay personas que han cogido tierras en el banco de tierras y están intentando emprender en el sector agrario” (Muller 4, GD1)

“Es que nuestro perfil es totalmente y heterogéneo. Es heterogéneo la edad, es heterogénea el sector, es heterogéneo el tamaño del proyecto. Totalmente heterogéneo. Hay desde autónomos sobre todo en el sector servicios hasta proyectos más ambiciosos. Sí que cada vez más relacionados con las TIC en todos los subsectores” (Home 2, GD1)

“Eu polo que eu sei do Papagayo, o servizo de apoio ó emprendemento no concello, (...) da un perfil preponderantemente feminino moitas mulleres en busca de información, moitas veces con perfil de negocio de proximidade, de eso había bastante. E logo xente xoven.” (Muller 3, GD1)

“En Arteixo el perfil es de gente que ha trabajado que ha estado o estuvo en paro en tiempo de crisis y ahora se vuelve a mover y entonces, seguramente estuvo trabajando durante un tiempo en economía sumergida y ahora está teniendo la suficiente actividad como para darse de alta.” (Muller 1, GD1)

Destácanse a continuación os casos de emprendimento por tipos de motivación:

“Persoas que queren emprender porque queren un cambio de vida. xente que se veu, xente que está fora e que se quere vir entre 30 e 45 anos, i que entón están buscando o desenvolver un negocio sabes como una alternativa a vivir doutra maneira” (Muller 4, GD2)

“En Coruña vemos que existe un emprendimiento lo que yo llamo a la espera. Que es a la espera de que me salga un trabajo. Esa es la realidad, digámoslo de alguna manera y por eso se emprende por necesidad y no por pasión. Que no quiere decir que por pasión vayas a triunfar, pero les falta esa cultura de emprendedor. Tienen la cualificación, tienen la capacidad, pero necesitan el apoyo realmente de los que tenemos esa experiencia” (Home 1, GD1)

“Non hai emprendemento, non hai espírito de emprendedor, as persoas que veñen polo despacho buscando asesoramento, buscando eso o que veñen e... a ver eu quero crear unha empresa, pero quero saber qué subvencións podo ter, qué queres crear?, non o sei, para qué me dan cartos?” (Muller 2, GD2)

Seguindo coa análise dos diferentes perfís, destácase que en moitas ocasións a promoción da posibilidade de creación de empresas fíxose de maneira desbocada, sen ter en conta as competencias reais da xente:

“Temos un problema, os falsos emprendementos, falsos autónomos. Nestes casos están nunha situación de desconcerto absoluto, i esa é moitas veces o perfil que che ven á oficina dicindo quero montar algo, dime que qué montar. Efectivamente ese perfil existe, pero eses



son os emprendementos por desesperación, i tamén é un perfil que ten moito que ver con que dende as Administracións Públicas se alimentou de maneira desmedida a opción de emprender como alternativa para a empregabilidade i non é o mesmo, o emprendemento require unha serie de habilidades persoais de unhas condicións económicas, sociais, familiares e duns soportes moi determinados, entón o que a min me parece moitas veces e querer complicar moitísimo a situación e irte aos perfís risga e dicirlle non e que a solución para saír do Risga é emprender carai!, ou sexa, e que te vas a persoas con menos destreza, con menos soporte familiar...” (Muller 4, GD2)

“Non hai unha habilidade social en xeral e no país, para formar a xente precisamente en emprender. (...) En Israel sucede exactamente o contrario que o que temos aquí ca xuventude, é dicir, que alí a xuventude un posto fixo non o quere, que están dispostos a arriscarse constantemente” (Home 1, GD2)

Algunas das oportunidades na creación de empresas están relacionadas cos sectores en auxe de cada comarca; téxtil, turismo, agro-alimentario ou incluso o sector industrial:

“Yo creo que hay muchos sectores en los que hay futuro. Hablamos de Inditex, el textil es uno de ellos turismo es otro que yo creo que hay que potenciar, yo echo de menos que se profundice más en la industria y en el sector primario.” (Home 2, GD1)

5.4 Propostas

Trala análise da situación económico-social das distintas zonas expónse as diferentes propostas para mellorar o entramado laboral e empresarial.

Algunhas das propostas para a creación e consolidación de empresas pasan por mellorar as condicións de financiamento e fiscais:

“Ley de segunda oportunidad para las personas que han fracasado en su andadura profesional pero que tienen la capacidad de emprendimiento y de ser empresario o empresaria de verdad. Y otra medida fundamental es eliminar la carga impositiva hasta unos mínimos de facturación” (Home 1, GD1)

“Casi todas las ayudas están vinculadas a creación de empresa y a creación de puestos de trabajo. No hay ayudas para mantenimiento, que es lo fundamental” (Muller 2, GD1)

En canto as propostas orientadas a mellorar estrutura socio-laboral, estas céntranse na aceptación do cambio estrutural e na abordaxe das medidas de forma conxunta:

“Nos foros internacionais de emprego as fórmulas son vellas e coñecidas. Van pasar por sistemas de sustento social, van pasar por fórmulas de rendas básicas porque non vai a haber emprego para todo o mundo. E o desemprego e a marxinalidade xera situacións moito máis graves, máis prexudiciais para a vida de todos e todas. Unha proposta en firme é a da



distribución do traballo na medida de que se poida distribuír” (Muller, 3, GD1)

“En empresas saneadas e sostibles están pondo en práctica a proporcionalidade entre salarios” (Muller 3, GD1)

“Yo veo una grandísima oportunidad y es que nos unamos en vez de separarnos. (...) O sea, para que la gente se instalase aquí y que no hubiera barreras entre una situación y otra, por ejemplo, que yo estoy en Arteixo o en Coruña o en Ferrol y sea lo mismo” (Home 1, GD1)

“Yo digo establecer lazos de colaboración y compartir conocimiento. Que cada uno aporte lo que crea.. cualquier opinión yo creo que resulta de utilidad” (Muller 2, GD1)

“Fai dous anos hai un acordo para a reindustrialización de Compostela que é unha mesa técnica i política tamén, están os decisores técnicos pero tamén os decisores políticos, (...) na que están a universidade, as dúas consellerías máis relacionadas con esto, que é a consellería de economía e a consellería do instituto galego de vivenda e solo e xestión do territorio, está a cámara de comercio, está a asociación de empresarios i está o concello de Santiago” (Muller 4, GD2)

A close-up photograph of a person's hand holding a silver pen, poised to write on a spiral-bound notebook. The background is blurred, showing another notebook and a laptop. A semi-transparent blue rectangle is overlaid on the left side of the image, containing a large white number '6' and the text 'ANÁLISE DA ENQUISA' in white capital letters.

6

ANÁLISE DA
ENQUISA



6. ANÁLISE DA ENQUISA

6.1 Características da mostra

6.1.1 Perfil das persoas que responden o cuestionario


Do total de **67 enquisas efectuadas**, 36 foron realizadas por homes e 31 estiveron respondidas por mulleres. Así, **os homes supoñen** máis da metade das persoas que contestaron ao cuestionario (**53,7%**) mentres que **as mulleres representan o 46,3%**.

Gráfico 18: (Sexo %)

Fonte: Elaboración propia

Sexo

67 respostas




Si analizamos a idade, pódese observar no gráfico seguinte a porcentaxe superior, con un **61,2% das persoas participantes, corresponde á franxa de idade entre 30 e 45 anos**. O segundo grupo é o da franxa de idade de máis de 46 anos, cunha porcentaxe do 31,3%.

Gráfico 19: (Idade %)

Fonte: Elaboración propia

Idade

67 respostas



O cuestionario dirixíase a persoas que desenvolvían cargos de responsabilidade na empresa, así vemos como máis da metade das persoas que responderon (58,20%) ostentan cargos de Dirección/Xerencia, e o 20,89% desempeñan algún posto de responsabilidade na empresa.




Gráfico 20: Cargo (%)

Fonte: Elaboración propia

Cargo

67 respostas



6.1.2 Perfil das empresas participantes

O universo de partida sobre o que elaboramos a base de datos de empresas para a realización desta enquisa foi a Base de datos ARDÁN das 20.000 maiores empresas de Galicia, que recolle unha masa representativa dos diferentes sectores motores da economía galega, así como de empresas localizadas no ámbito xeográfico da comunidade. Sendo o obxecto do noso estudo as oportunidades de negocio en Galicia, incorporamos tamén a este universo algunhas pemes e empresas de nova e recente creación co obxectivo de poder recoller información de empresas de diferentes sectores, áreas xeográficas e situación económico-financieira, e poder ter unha visión máis ampla da situación do emprego e xeración do negocio no total da comunidade autónoma.

Atendendo ás respostas obtidas, atopámonos a seguinte representación. Das 67 respostas obtidas, **41 son de empresas con centro de traballo principal na provincia de A Coruña (61,19%); 16 son de empresas na provincia de Pontevedra (23,88%); 7 empresas na provincia de Lugo (10,44%) e 3 na provincia de Ourense (4,47%).**

Por cidades, a maior representación de respostas é do **concello da Coruña, o 22,38%, seguido de Santiago de Compostela cunha porcentaxe do 13,43%** de empresas localizadas nesta área metropolitana.




Gráfico 21: Concello do centro de traballo principal (%)

Fonte: Elaboración propia

Concello do centro de traballo principal

67 respostas



E por outra banda, analizado o **sector de actividades das empresas participantes na enquisa**, atopámonos cunha representación moi ampla de sectores e subsectores. Cabe sinalar un número máis amplo de empresas participantes do sector servizos e comercio.

Táboa 21: Detalle das actividades das empresas participantes na enquisa segundo os Códigos CNAE de 2009 (orientativo)

SECTOR	Nº empresas	CNAE
Carpintería metálica, aluminio e pvc	1	1624
Artes Gráficas	4	1811
Recubrimientos electrolíticos	1	2561
Xestión de residuos	2	3811
Construcción	3	4121
Movemento de terras	1	4312
Instalación eléctrica	4	4321
Reparación e venda de vehículos	2	4520
Central de compras e servizos a cooperativas	1	4621
Comercio ao por maior	3	4623
Elaborados cárnicos	1	4632
Cosmética	1	4645
Comercio ao por menor	1	4711
Gasolineira	1	4730
Decoración de interiores	2	4753
Venda de sofás e colchonería	1	4759
Comercio ao menor	2	4776
Venda xoias e complementos	1	4777



Optica	1	4778
Transporte	1	4931
Transporte de mercancías por carretera	1	4941
Hostelería	1	5610
Desenrolo de programas informáticos	1	5829
TIC	1	5190
Software Empresarial	1	5201
Servizos Informáticos	1	6202
Servizo de aloxamento web	1	6311
Mediación de seguros	1	6622
Asesoría	6	6920
Consultoría	3	7022
Inxeniería / Enerxía / Automatización	1	7112
Axencia de publicidade	1	7311
Servizos de traducción	1	7430
Servizos de limpeza	1	8129
Congresos, eventos, comunicación	1	8230
Coworking	1	8299
Educación canina e Terapias	2	8559
Formación	2	8559
Laboratorio análisis alimentos e consultoría seguros	1	8690
Asociación sin ánimo de lucro	1	9499
Agrícola e gandeiro	2	0141
Producción de carne avícola e porcino	1	0145
Forestal e obras	1	0220

Fonte: Elaboración propia


Respecto da antigüidade das empresas, pódese observar que as empresas participantes son empresas xa consolidadas, xa que o 40,3% das que participaron teñen máis de 20 anos de existencia. Entre estas e as que teñen entre 11 e 20 anos, que son o 26,9%, suporían as dúas terceiras partes das empresas participantes.

Gráfico 22: Antigüidade na empresa

Fonte: Elaboración propia

Antigüidade da empresa

67 respostas






Ademais de ser empresas consolidadas, as entidades participantes son na súa maioría **microempresas**, xa que se trata de empresas que nunha alta porcentaxe (65,7%) contan con menos de 10 traballadores e traballadoras nos seus persoais; o porcentaxe de empresas que superan as 50 persoas traballadoras representa tan só o 6%.

Gráfico 23: Total de persoas na empresa

Fonte: Elaboración propia

Total de persoas na empresa
67 respostas




En canto ao xénero das persoas traballadoras, estas empresas **contan cunha porcentaxe inferior de mulleres contratadas fronte a homes**, pois a suma das empresas enquisadas que contan con menos do 50% de mulleres traballadoras suporía o 59,7% do total; fronte ó 40,3% de empresas que teñen máis do 50% da súa plantilla integrada por mulleres.

Gráfico 24: Porcentaxe de mulleres empregadas na empresa (%)

Fonte: Elaboración propia

% de mulleres empregadas na empresa
67 respostas





6.1.3 Perfil dos persoais

PERFIL SOCIOECONÓMICO

En primeiro lugar e respecto da idade do persoal, os datos son moi similares entre homes e mulleres. No caso das mulleres, a franxa de idade con maior porcentaxe atopámola de 30 a 45 anos (34,32%) e a menor de menores de 20 anos. Datos moi similares á idade dos homes, xa que maioritariamente están na mesma franxa de idade de 30 a 45 anos. No caso dos homes, o menor porcentaxe está tamén na franxa de idade de menos de 20 anos.

Gráfico 25: Idade das mulleres (%)

Fonte: Elaboración propia





Gráfico 26: Idade dos homes (%)

Fonte: Elaboración propia





En canto ao nivel de estudos, por xénero, vemos que o número de mulleres contratadas ten maioritariamente un perfil de estudos universitarios ou secundarios. Mesmos datos tamén no caso dos homes, aínda que neste caso atopamos unha pequena representación do perfil sen estudos.

Gráfico 27: Nivel de estudos das mulleres (%)

Fonte: Elaboración propia





Gráfico 28: Nivel de estudos dos homes (%)

Fonte: Elaboración propia



PERFIL LABORAL

En canto ao **tipo de contrato**, entre as empresas enquisadas **predomina a contratación INDEFINIDA**, sendo este o maioritario no 55,22% das contratacións, unha porcentaxe similar entre homes e mulleres.

No outro lado, atopamos que o **menor tipo de contratación son os de Formación e Aprendizaxe e Prácticas**, tanto no caso de mulleres como de homes.



Gráfico 29: Contrato das mulleres (%)

Fonte: Elaboración propia





Gráfico 30: Contrato dos homes (%)

Fonte: Elaboración propia



Por outra banda, nas empresas participantes o tipo de xornada maioritaria das mulleres é a tempo completo en máis do 75% das súas plantillas respecto da xornada de tempo parcial, tanto para homes como para mulleres.



Gráfico 31: Xornada das mulleres (%)

Fonte: Elaboración propia





Gráfico 32: Xornada dos homes (%)

Fonte: Elaboración propia



DISTRIBUCIÓN DAS PERSOAS NAS ÁREAS QUE CONFORMAN A EMPRESA

Á hora de analizar **a distribución das persoas traballadoras en distintas áreas funcionais** que conforman as empresas, os datos veñen condicionados polo perfil das empresas participantes que vimos anteriormente, en concreto, en relación ao seu tamaño e a participación das mulleres.

Pois ben, sendo a maior parte das **empresas microempresas**, en xeral contan con poucas posibilidades de organización funcional ou departamental, co que atopamos que **algunhas**




das áreas funcionais suxeridas na enquisa non existen nestas empresas como tales como **I+D (62,68%)**, seguido de **Recursos Humanos con un 59,7%** das empresas enquisadas que non contan con este departamento. A continuación o menor desenvolvemento é a área de **loxística co 56,71%**.

No outro lado, situamos **os departamentos con maior desenvolvemento** dentro das empresas, onde situaríamos a área de **Administración** que conta cunha representación do **31,3%** dentro das empresas enquisadas, seguido de **Atención ó cliente co 19,40% e Producción co 17,91%**. Atopamos ademais tres áreas con igualdade de representación: Comercial e Vendas, a Área Técnica e Dirección no 14,92% das empresas enquisadas.

Pasamos a analizar **a posición das mulleres nas empresas enquisadas** e atopamos que **a participación de mulleres en niveis directivos é moi alto** xa que **están presentes nesta área no 73,14% das empresas enquisadas**, e tan só un 26,86% das empresas non contan con mulleres nestes postos.

Gráfico 33: Distribución das persoas nas áreas que conforman a empresa (%)

Fonte: Elaboración propia






6.2 Obstáculos e propostas para mellorar a creación e consolidación de empresas

En canto aos **obstáculos** que dificultan o **acceso** do equipo humano ás empresas enquisadas destacan por orde de importancia a **Escasa Facturación (56,7%)**, seguido en igualdade **por as Titulacións relacionadas coa actividade non resultan atractivas e as Limitacións propias das características da entidade, ambas co 19,4%**.

Gráfico 34: Obstáculos para o acceso do equipo humano na súa entidade (%)

Fonte: Elaboración propia




En canto ás propostas para mellorar a consolidación das empresas na súa zona ou comarca as máis sinaladas polas empresas participantes foron, **o desenvolvemento de Programas de financiación específicos da actividade (46,3%)**, seguido do **Desenrolo de Programas de consolidación de empresas (41,8%)**. En terceira posición as empresas enquisadas valoran os **Programas de financiación á contratación (37,3%)**.

Doutra parte, o 11,9% das empresas opina que *Non son necesarias medidas para mellorar a consolidación das empresas na súa zona*.

Gráfico 35: Propostas para mellorar a consolidación de empresas na súa zona ou comarca (%)

Fonte: Elaboración propia





Preguntadas as empresas participantes por oportunidades de negocio na súa comarca en liñas xerais fan referencia á **potenciación nas axudas e financiamento para o seu desenrolo e contratación de persoal. Nas súas aportacións atopamos tamén algunhas referencias a unha escasa melloría da economía na súa comarca.**

En canto a sectores potenciais méncionanse especialmente o sector servizos e atención a persoas, o comercio e o sector agroalimentario.

6.3 Conclusións da enquisa

Non se desenvolve a información do IGAPE xa que figura no apartado de entidades que traballan en toda Galicia.

3.- PAI ERGUETE

Web: www.fundacionerguete.org

Teléfono: 986253176



4.- AJE VIGO

Web: www.ajevigo.es

Teléfono: 986226053

Recursos:

- Asesoramento
- Axudas e financiamento
- Trámites de constitución

5.- FEPROHOS

Web: www.feprohos.org

Teléfono: 986432400

Correo electrónico: direccion@feprohos.org

RECURSOS DO CONCELLO

Web: <http://hoxe.vigo.org>

- **Servizos:**

- Emprego local:
 - Orientación laboral
 - Formación para o emprego
 - Obradoiros
 - Inserción laboral
 - Programa de integración de emprego
 - Ofertas públicas de emprego

- **Apoio a empresas**

Iniciativas Locais de Emprego (ILEs)
Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM)
Axuda á creación de empresas
Convenios de colaboración
Ofertas públicas de emprego
Trámites de Emprego
Noticias de Emprego

RECURSOS ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS

- **Acluxega - Asociación Cluster Xeotermia Galega**

Web: www.acluxega.es

- **Asetranspo**

Web: www.asetranspo.com

- **Asociación Empresarias de Galicia**

Web: www.empresariagalicia.com



- **Asociación Galega de Empresas de Inxeniería, Consultoría e Servizos tecnolóxicos AGEINCO**

Web: www.ageinco.es

- **Asociación de Empresarios de Materiales da Construcción - ASEMACO**

Web: www.asemaco.es

- **Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Pontevedra**

Teléfono: 986441024

- **Asociación Galega de Emprendedores - AGAEMP**

Web: www.agaemp.es

- **Federación Provincial de Empresarios de Hostelería**

Web: www.fepros.com

- **Federación de Comercio de Vigo (FE.CO.VI.)**

Teléfono: 986424001

- **Fundación Cluster Metalúrxico de Galicia**

Web: www.metalclustergalicia.eu

CONCELLO DE PONTEVEDRA

PUNTOS PAE: PAE PÚBLICOS

1.- OFICINA TERRITORIAL DO IGAPE EN PONTEVEDRA

Páxina Web: www.igape.es

Teléfono: 986 805 305

Correo electrónico: pontevedra@igape.es

Non se desenvolve a información do IGAPE xa que figura no apartado de entidades que traballan en toda Galicia.

2.- AJE PONTEVEDRA

Páxina Web: www.ajepontevedra.com

Teléfono: 986 862 550

Correo electrónico: info@ajepontevedra.com

3.- Sede Cámara Comercio Pontevedra

Páxina Web: www.camarapvv.es

Teléfono: 986 866 303

Correo electrónico: ecores@camarapvv.es

Mesmos Recursos da Cámara de Comercio de Vigo.



RECURSOS DO CONCELLO

Web: <http://www.pontevedra.gal>

Áreas:

- Promoción Económica:
- Pon Activa:
- ADL
- Boletín Ponteemprego
- Proxecto ILES Inserción Laboral de Desempregados/as
- Emprendemento e empresa:
- PROGRAMA VERA
- PROGRAMA REPENSA
- CONCUROS ESPAZO CREATIVO
 - PONT UP STORE
- Inserción Laboral
- Programas de formación

RECURSOS ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS

• **AEMPE. Asociación de Empresarios de pequena y mediana empresa**

Web: www.aempe.com

Teléfono: 986 86 63 76

• **AJE Pontevedra Jóvenes Empresarios**

Web: <http://ajepontevedra.es>

Teléfono: 986 86 25 50

CONCELLO DE LUGO

PUNTOS PAE: PAE PÚBLICOS

1.- FUNDACIÓN CEL – INICIATIVAS POR LUGO

Web: www.fundacioncel.org

Teléfono: 982284150

Recursos:

- Axencia de emprego
- Servizo de apoio a emprendedores
- Emprendemento innovador
- Centro de asesoramento cooperativo
- Aceleradora de empresas e emprendedores
- Redes colaborativas



2.- OFICINA TERRITORIAL DO IGAPE EN LUGO

Web: www.igape.es

Teléfono: 982 294 032

3.- CÁMARA DE COMERCIO DE LUGO

Web: www.camaralugo.com

Teléfono: 982 284 370

4.- CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN - CEI

Teléfono: 982 264 260

RECURSOS DO CONCELLO

Web: <http://lugo.gal/es>

• Economía, emprego e desenvolvemento económico:

- Plan de emprego (con)trato feito!
- Plan de Emprego Municipal “Mellora Lugo”.
- Plan Estratéxico de Lugo
- Plan Estratéxico de Subvencións
- Investir en Lugo:
- Lugo Internacional:
- Eurotroco - Erasmus de emprendedores
- Centro de Empresas e Inovación CEI-Nodus
- Espazo>Lab
- Rede Mercurio
- Proxecto Impulsa Lugo.
- Recursos Humanos: Capital Humano.
- Solo empresarial e industrial

• Recursos estratéxicos

- CEI NODUS como centro de asesoramento de empresas investidoras CETAL (Centro Tecnolóxico Agroalimentario)
- Desenvolvemento de accións formativas orientadas a sectores estratéxicos ou empresas investidoras de sectores determinados que garantan persoal altamente cualificado
- Universidade como actividade supraprovincial con efecto no emprego, na cualificación dos recursos humanos, desenvolvemento urbano e na actividade empresarial
- Gran desenvolvemento nos últimos anos da sociedade da información e das comunicacións e aplicación das novas tecnoloxías



RECURSOS ASOCIACIÓN EMPRESARIAIS

- **Confederación de Empresarios de Lugo**
<http://www.cel.es/es/asociaciones/>
- **Acruga - Asociación Nacional Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega Lugo**
Web: www.acruga.com
Teléfono: 982 226 068
- **ADS Porcino Lugo Centro Norte**
Teléfono: 982 213 303
- **Aelga - Asociación de Empresas Lácteas de Galicia**
Teléfono: 982 231 150
- **Aelu - Asociación de Mujeres Empresarias Lugo**
Web: www.empresariaslugo.org
Teléfono: 982 226 991
- **Aetram - Asociación Empresarial Transportes Río Miño**
Web: www.aetramlugo.com
Teléfono: 982 210 448 T
- **Agaca - Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias**
Web: www.agaca.coop
Teléfono: 982 201 514
- **AJE Lugo - Asociación Jóvenes Empresarios de Lugo**
Web: www.ajelugo.com
Teléfono: 982 224 699
- **APEC - Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción de Lugo**
Web: www.apeclugo.com
Teléfono: 982 210 809
- **Apehl - Asociación Provincial Empresarios Hostelería y Turismo de Lugo**
Web: www.eparacomerlugo.es
Teléfono: 982 226 912
- **Asociación de Empresarios del Polígono de O Ceao**
Web: www.poligonoceao.org
Teléfono: 982 209 745
- **ATA - Asociación Trabajadores por Conta Propia Galicia**
Web: www.ata.es
Teléfono: 982 222 192
- **Axel Lugo - Asociación de Xoves Emprendedores de Lugo**
Web: www.axelugo.org
Teléfono: 982 221 510



CONCELLO DE OURENSE

PUNTOS PAE: PAE PÚBLICOS

1.- CAMARA DE COMERCIO DE OURENSE - SEDE CENTRAL

Web: www.camaraourense.com/

Teléfono: 988 233 116

Servizos:

- Programa de apoio empresarial ás mulleres
- Creación e consolidación de empresas
- Fomento de espírito emprendedor

2.- DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Web: upd.depourense.es

Teléfono: 988 385 191

3.- CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE

Teléfono: 988 391 110

Web: <http://www.ceo.es>

4.- OFICINA TERRITORIAL DO IGAPE EN OURENSE

Web: www.igape.es

Teléfono: 988687289

5.- CIE

Web: www.ourense.es

Teléfono: 988269329

RECURSOS DO CONCELLO

<http://www.ourense.gal/gl/>

- Promoción económica, Industria e Emprego. Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local
 - Servizo de Orientación
 - Obradoiros de emprego
 - Lanzadeira de emprego
- Centro de iniciativas empresarias (CIE)
 - Promotor empresarial
 - Viveiros de empresas
 - Centro de Innovación Social Dixital La Molinera
 - Programa “Go2Work”. Espazos colaborativos



RECURSOS ASOCIACIÓN EMPRESARIAIS

- **Asociación de Empresarias e Profesionais de Ourense**

Web: <http://asoc-ame.es>

Teléfono: 988 21 47 22

- **Asociación Empresarias de Ourense**

Teléfono: 988 21 47 22

- **Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao**

Web: <http://www.poligonosancibrao.com>

Teléfono: 988 38 37 56

- **Asociación Xóvenes Empresarios de Ourense**

Web: <https://ajeourense.com>

Teléfono: 988 391 110

A close-up photograph of a person's hand holding a glowing, warm-toned incandescent lightbulb. The hand is positioned in the center-right of the frame. A semi-transparent blue rectangular overlay is placed over the left side of the image, partially covering the hand and the lightbulb. Inside this blue area, a large white number '8' is centered. Below the number, the text 'CONCLUSIÓNS XERÁIS' is written in white, uppercase letters.

8

CONCLUSIÓNS
XERÁIS



8. CONCLUSIÓN XERÁIS

8.1 Situación socioeconómica de Galicia

Segundo os datos estatísticos da economía española e galega, **existe unha moderada recuperación trala crise dos anos pasados**. A opinión das diferentes persoas que participaron nos grupos de discusión reflicte que é evidente que ese crecemento é moderado, incluíndo **un cambio de ciclo económico**, e que a nova economía non volverá a acadar os niveis das vivencias anteriores, é dicir, **non se volverá a xerar un emprego de masas**.

Nestes últimos anos a economía galega experimentou un crecemento moderado; de feito, en canto a situación correspondente **á provincia de A Coruña, o 2016 foi un ano de creación de emprego**. Estas opinións corrobóranse cos datos estatísticos, xa que, no cuarto trimestre de 2016 A Coruña situábase como a decimonovena provincia con menor taxa de paro, por diante de Asturias, Madrid e Barcelona; e en relación tanto coa poboación activa como a ocupada, ambas víronse aumentadas máis dun punto porcentual a primeira, e case tres puntos porcentuais a segunda. En canto a poboación desempregada, esta diminuíu máis dun 7%, sendo o 2016 o cuarto ano consecutivo que descende.

Xunto coa percepción da saída da crise tamén xorden dous conceptos importantes: **a acomodación á situación precaria (ou adaptación ás circunstancias)** e o estancamento na situación, **sobre todo nas zonas rurais onde non se perciben tantas oportunidades laborais ou de posibilidades de creación de empresa, pese a os esforzos dalgunhas entidades públicas e privadas**.

En canto á demarcación económica na xeografía galega, queda reflexado, unha vez máis, **a importancia do eixe atlántico** e as empresas instaladas nas principais cidades galegas, como son: **A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela**. Grazas a eses emprazamentos, **os concellos limítrofes beneficianse do movemento económico xerado e das oportunidades que isto lles está a ofrecer**.

Un grave problema que está a reflectir tamén na economía galega, especialmente de cara ao futuro, é o **descenso do crecemento demográfico que está a afectar a toda Galicia, con maior influencia nos núcleos rurais de Lugo e Ourense**.

O sector servizos é moi importante para a economía da provincia de A Coruña (71,11% da xeración do PIB provincial), máis de tres puntos porcentuais que en Galicia. Por outra banda, **un sector que está a medrar na provincia, e en toda Galicia, é o turístico**.

O sector da construción de edificios experimentou tamén unha melloría e outros sectores que tamén se viron incrementados, e son dignos de mención, foron os de **agricultura, a industria e o comercio**.

Apúntase ademais á **importancia do comercio exterior para a economía coruñesa**, e para a galega en xeral, sendo un efecto tractor do **sector téxtil (INDITEX), automobilístico (Citroën) e madeireiro (FINS)**.



8.2 Análise de emprego en Galicia

Existen dúas perspectivas ben diferenciadas, a visión rural e a visión urbana. En canto á visión urbana (e de zonas limítrofes), a situación é favorable en canto ao rexurdimento de postos de traballo. Polo contrario, en moitas zonas do rural esta percepción non é a mesma.

Existe un segmento da poboación con altas dificultades á hora na busca de emprego, non so por non ter formación, se non **por quedarse obsoleto para as profesións futuras**. Este é o de **home ou muller de máis de 45 anos sen formación que se adicaron durante moito tempo da súa vida laboral a un sector que está en decrecemento**.

Clara preocupación pola xeración de emprego precario, tanto na dependencia da estacionalidade como en salarios reducidos.

Os principais sectores que están a vivir un incremento na oferta de emprego: **hostalaría, turismo, comercio, industrial, enxeñaría, tecnoloxía, conserveiras, servizos, agro-alimentario, socio- sanitarios, primario, forestal.**

En canto aos perfís nos que se está a perceber unha demanda de emprego situamos na primeira liña os perfís **comercial, comercio exterior, técnicos, tecnolóxicos, manipulación de alimentos.**

8.3 Recursos e accións para a empregabilidade

Existen múltiples recursos para o emprego dende as distintas entidades públicas e privadas, focalizados en gran medida nas principais cidades de Galicia e concellos limítrofes.

Entidades públicas e privadas ofertan similares recursos para a empregabilidade, onde atopamos principalmente: **formación específica, formación competencias relacionadas co emprego, acompañamento na consecución do emprego, axudas, etc.**

8.4 Perfil emprendedor en Galicia

O perfil de persoas que están en busca de emprego é moi dispar e depende en moitos casos do seu lugar de procedencia. Nos grupos de discusión falouse de xente preparada e cualificada por un lado e por outro lado, aquelas que case non teñen estudos.

O perfil emprendedor é moi heteroxéneo, tanto pola súa motivación para emprender (oportunidade vs necesidade, ou falso emprendedor), como polas distintas actividades que se queren desenvolver. **Sen embargo, si se empeza a percibir un incremento na porcentaxe de emprendedores que o fan “por oportunidade”,** feito motivado pola lixeira recuperación económica. Persoas que queren emprender porque queren un cambio de vida, que buscan a “súa oportunidade”.

Outro perfil emprendedor que se está a detectar é o da poboación, entre 30 e 45 anos, que desenrolou parte da súa carreira fóra e quere retornar, e está na busca dun proxecto de negocio como unha alternativa a vivir doutra maneira.



Tras esta primeira aproximación, e segundo as informacións recollidas en fontes primarias e secundarias podemos establecer tres perfís de emprendedores/as que van a liderar os proxectos de futuro nas oportunidades de negocio detectadas e sobre os que se debería facer foco en canto a recursos tanto económicos como de asesoramento e formación:

PERFIL EMPRENDEDOR I	PERFIL EMPRENDEDOR II	PERFIL EMPRENDEDOR III
35 - 44 anos	25 - 34 anos	35 - 50 anos
Formación técnica superior	Estudos obrigatorios	Formación heteroxénea
10-15 anos de experiencia	En activo	10-15 anos de experiencia
En activo	Emprendedor/a por necesidade	Situación de desemprego
Emprendedor/a por oportunidade	Carencias en experiencia práctica en empresa	Emprendedor/a por necesidade
Con experiencia laboral noutros mercados	Carencias en competencias profesionais propias da actividade	Con experiencia laboral en outros mercados
Carencias en competencias e habilidades para emprender		Carencias en competencias y habilidades para emprender

8.5 Recursos e accións para a creación e a consolidación de empresas

Do mesmo xeito, analizados os recursos ofertados na área da emprendeduría e consolidación de empresas, existen igualmente múltiples **recursos destinados para tal fin** dende as distintas entidades públicas e privadas. **Dende formación específica, formación competencias relacionadas coa emprendeduría, instalacións (viveiros de empresas ou espazos de coworking), acompañamento na creación e consolidación de empresas, subvencións, etc.**

Feito destacable extraído das fontes primarias deste estudo é que en moitas ocasións **a promoción das posibilidades de creación de empresa fíxose de maneira “descontrolada”, sen ter en conta as competencias reais do perfil emprendedor.**

Analizando as accións relacionadas coa **formación para os/as xoves**, estas céntranse, primordialmente, en formación de competencias e en facilidades económicas específicas, detectándose **unha realidade da necesidade de incluír e potenciar esta formación en habilidades e competencias no sistema educativo en idades máis novas.**



8.6 Barreiras á hora de emprender

Analizadas as principais barreiras á hora de emprender destácanse como principais o **descoñecemento de todos os recursos que teñen as persoas emprendedoras** a súa disposición motivado pola **atomización na oferta de recursos e puntos de información**.

Por outra banda, **a adversión ao risco é outra barreira destacable**, tanto na doenza existente para a xestión ao cambio como para vencer os medos relacionados directamente coa actividade emprendedora: problemas na saúde financeira, elevada mortandade, etc.

Outras barreiras que se atopan as persoas emprendedoras teñen que ver coa **falta de coordinación entre concellos e os problemas relacionados ca escaseza de chan industrial**.

As persoas emprendedoras tamén se atopan con **barreiras** tales como as **economías de escala, o alto investimento inicial** que requiren a maioría dos negocios para operar de forma eficiente, o acceso a **canles de distribución concentrados en mans de poucas empresas**, a alta diferenciación dalgún produto existente, **a falta de formación especializada nos novos nichos de mercado, as barreiras legais que algúns sectores impoñen á entrada de novos competidores**, falta de adaptación ás necesidades reais do mercado, etc.

8.7 Recursos e accións específicas para mellorar a presenza das mulleres no entorno empresarial

No que se refire ás diferenzas por xénero entre homes e mulleres, a pesar dos logros acadados durante estes anos, é necesario por de manifesto que **os indicadores de igualdade en relación co traballo doméstico e de coidados, así como cos usos do tempo, seguen mostrando unha realidade de relacións persoais e sociais asimétricas entre mulleres e homes**, como o reflecten os datos socioeconómicos nos ámbitos europeo, estatal e de Galicia.

Isto mostra que aínda persisten roles e estereotipos sociais que inciden no imaxinario colectivo respecto da suposta maior capacidade das mulleres para atender as responsabilidades de carácter familiar, o que continúa dificultando o seu acceso e permanencia no mercado laboral e empresarial debido, entre outras cuestións, a que son as que continúan acolléndose maioritariamente ás diferentes medidas postas en marcha desde as administracións públicas para promover políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A photograph of a man in a blue shirt and gloves feeding hay to cows in a barn. The man is kneeling and holding a blue bucket. The cows are black and white, with yellow ear tags. The background shows a wooden fence and a red and white striped pole.

9


OPORTUNIDADES
DE NEGOCIO EN
GALICIA



9. OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN GALICIA

Tras a recollida e análise da información xerada nas fontes cualitativas e cuantitativas empregadas para este estudo dibuxamos a continuación o mapa de oportunidades de negocio en Galicia por sectores. Establecéronse deste xeito os sectores máis potenciais segundo o mapa galego de comarcas, e facendo especial foco nas comarcas de A Coruña, Santiago e Barbanza, segundo os obxetivos fixados no estudo.

A continuación recolleranse os nichos e actividades empresariais con máis potencialidade dentro dos sectores detectados.



COMARCA DE A CORUÑA
COMARCA DE SANTIAGO
COMARCA DE BARBANZA
COMARCAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
COMARCAS DA PROVINCIA DE LUGO
COMARCAS DA PROVINCIA DE OURENSE



COMARCA DE A CORUÑA

A comarca de A Coruña, composta por 9 concellos conta con máis de 400.000 habitantes, segundo o Observatorio Sociolaboral do concello de A Coruña (2013). Contando así co 35% da poboación da provincia e o 14% de Galicia. Só no concello de A Coruña reside o 62% da poboación da comarca.

COMARCA DE A CORUÑA
A Coruña
Arteixo
Culleredo
Sada
Cambre
Oleiros
Bergondo
Abegondo
Carral

Municipios



A comarca de A Coruña é unha das áreas densamente poboadas de Galicia que contén a dous dos dez municipios máis densamente poboados de Galicia. Dato a ter moi en conta é o feito de que esta comarca, a diferenza do resto de Galicia vai incrementando interanualmente a súa poboación.

En canto a poboación xoven, os concellos nos que reside unha maior porcentaxe son os concellos de Arteixo, Cambre e Culleredo. Pola contra, os concellos con unha poboación máis envellecida son os de Abegondo e Bergondo.

Con esta perspectiva social e a situación económica analizada ...

¿En qué sectores hai oportunidades de negocio?

Na comarca de A Coruña as oportunidades de negocio están dentro de 5 sectores:

COMARCA DE A CORUÑA
SECTOR DE SERVIZOS A PERSOAS
SECTOR DE SERVIZOS PROFESIONAIS
SECTOR COMERCIO
SECTOR TIC
SECTOR INDUSTRIAL E AUXILIAR



COMARCA DE SANTIAGO

A comarca de Santiago, composta por 6 concellos, é unha comarca, ao igual que A Coruña, maioritariamente urbán, composto polo propio concello máis cinco periféricos que son receptores do crecemento de urbán da capital. Dentro desta comarca, e máis alá desta área periférica tamén conta con zonas rurais con diferenzas e necesidades propias e diferentes das zonas urbáns.

Motivado pola política fiscal e a do chan industrial pódense atopar barrios- dormitorio que acollen a unha proporción crecente da poboación urbana, e tamén as actividades económicas descentralizadas ou de nova implantación (O Milladoiro, Teo, Bertamirás).

COMARCA DE SANTIAGO
Santiago de Compostela
Teo
Val do Dubra
Vedra
Ames
Boqueixón
Brión



Toda a comarca de Santiago, con preto de 165.000 habitante, é, xunto ca de A Coruña, unha das de maior tamaño e poboación de Galicia.


¿En qué sectores hai oportunidades de negocio?

COMARCA DE SANTIAGO
SECTOR DE SERVIZOS A PERSONAS
SECTOR DE SERVIZOS PROFESIONAIS
SECTOR COMERCIO
SECTOR INDUSTRIAL E AUXILIAR
SECTOR MADEREIRO



COMARCA DE BARBANZA

A Comarca de Barbanza, composta por catro concellos, conta cunha poboación de máis de 68.000 habitantes, sendo unha das máis densamente poboadas, así como unha das áreas demográficas máis importantes e activas de Galicia.



A pesca, a industria conserveira e a pesqueira en xeral, máis o comercio dos produtos do mar son a base da súa próspera economía, á que o turismo completa durante o verán.

A estrutura urbana é complexa, e adopta unha configuración policéntrica, por ser numerosos os núcleos urbanos que se estenden ao longo dos eixes de comunicación ou arredor dos portos.

¿En qué sectores hai oportunidades de negocio?

En canto á comarca de Barbanza, a terceira comarca foco deste estudo, detectamos oportunidades tamén no SECTOR DE SERVIZOS A PERSOAS, un sector en crecemento en xeral en toda Galicia. Así mesmo, na comarca de Barbanza detectamos outras oportunidades de negocio nos sectores:

COMARCA DE BARBANZA
SECTOR CONSERVEIRO
SECTOR DE SERVIZOS A PERSOAS
SECTOR TURISMO NAÚTICO
SECTOR SERVIZOS DE OCIO

Por outra banda, se facemos un percorrido máis amplo, abarcando outras comarcas galegas, detectamos que existe unha idiosincrasia diferente. Por exemplo, na comarca de Ferrolterra-Eume-Ortega detéctanse maiores oportunidades en:



COMARCAS FERROLTERRA-EUME-ORTEGAL
SECTOR TURISMO ACTIVO
SECTOR INDUSTRIAL

No correspondente ás comarcas da provincia de Lugo, atopamos oportunidades moi diferenciadas entre a comarca de Lugo, as comarcas costeiras da provincia e as comarcas de interior.

COMARCAS DA PROVINCIA DE LUGO
SECTOR AERONAÚTICO
SECTOR TIC
SECTOR TURISMO
SECTOR AGROALIMENTARIO
SECTOR MADEIREIRO

Pola contra, na provincia de Ourense, os sectores con maior potencialidade para a creación de negocio son:

COMARCAS DA PROVINCIA DE OURENSE
SECTOR AGROALIMENTARIO
SECTOR TÉXTIL

Se analizamos as oportunidades da provincia de Pontevedra estamos a falar de 5 sectores clave para o desenvolvemento:

COMARCAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
SECTOR INDUSTRIA AUXILIAR DA AUTOMOCIÓN
SECTOR TIC
SECTOR AGROPECUARIO
SECTOR PESQUEIRO
SECTOR TURISMO



Un sector, o SECTOR PESQUEIRO con potenciais oportunidades tamén na comarca de Terra de Soneira e Bergantiños.

Contornos urbanos vs. Contornos rurais

Pasando a analizar as oportunidades en contornos rurais, atopamos outros sectores que están a vivir un crecemento como son:

COMARCAS EN ENTORNOS RURAIS
SECTOR AGROALIMENTARIO
SECTOR VITIVINÍCOLA
SECTOR DE SERVIZOS A PERSOAS
SECTOR MADEIREIRO
SECTOR AGROPECUARIO

Dentro da contorna rural atopamos outras comarcas, como a de Terra de Melide, cunha localización estratéxica, nas que se están a detectar tamén oportunidades de negocio nos sectores:

COMARCA DE TERRA DE MELIDE
SECTOR TRANSPORTES
SECTOR TURISMO
SECTOR INDUSTRIAL



SUBSECTORES E ACTIVIDADES EMPRESARIAIS CON OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN GALICIA

Se afondamos no estudo das oportunidades de negocio, pódense destacar os seguintes subsectores, ou actividades empresariais, nos que existen importantes oportunidades de negocio:

1. SECTOR DE SERVICIOS A PERSOAS

Neste sector, en gran auxe en todo o territorio de Galicia, detéctanse actividades potenciais de desenvolvemento en Servizos a Persoas e Servizos do Fogar, con diferenzas de necesidades entre entornos urbanos e rurais.

SERVIZOS PARA O FOGAR

SERVIZOS DE APOIO Á CONCILIACIÓN

SERVIZOS DE LECER





Pola contra, en entornos rurais as oportunidades veñen motivadas polo envellecemento da poboación rural, superior a que atopamos nas principais cidades galegas. Deste xeito, no rural detéctanse máis demanda de:

SERVIZOS SOCIO-SANITARIOS

Segundo a análise realizada da información recollida en fontes primarias e secundarias podemos establecer dentro do SECTOR SERVICIOS A PERSOAS as seguintes actividades empresariais con oportunidades para o desenvolvemento de proxectos de autoemprego e proxectos empresariais.

SECTOR DE SERVICIOS A PERSOAS

ACTIVIDADES EMPRESARIAIS SERVICIOS A PERSOAS	ACTIVIDADES EMPRESARIAIS SERVICIOS DO FOGAR
Actividades para envellecemento activo	Servizos de limpeza
Condución e acompañamento para maiores	Servizos de pasar o ferro a domicilio
Axuda a domicilio	Servizos de bricolaxe
Fisioterapia a domicilio	Servizos de xardinería
Coidado de nenos a domicilio	
actividades extraescolares	

Se analizamos polo tipo de actividades pódese esperar que sea un sector cunha porcentaxe de emprendimento máis feminino.

Outro dos sectores onde se detectan actividades empresarias con oportunidades é no **SECTOR DE SERVICIOS PROFESIONAIS**, onde o perfil do que se fala é maioritariamente de proxectos de autoemprego para dar servizos auxiliares. Aquí recolleemos tres actividades con potencial desenvolvemento:

SECTOR DE SERVICIOS PROFESIONAIS
Actividades deseño gráfico
Actividades deseño industrial
Actividades comerciais



2. SECTOR COMERCIO

O comercio é un sector onde maioritariamente o perfil emprendedor é tamén de autoemprego, un sector ademáis, segundo a información recollida, que foi receptor, xunto ca hostalaría dunha gran parte do emprendimento por necesidade, froito da falta de oportunidades de emprego.

Sen embargo, e aínda sendo pequenos brotes verdes, sí se están comenzando a detectar proxectos con diferenciación e innovación propia, en especial nas áreas periféricas ás principais cidades galegas. E, se continua a recuperación económica que se está a vivir, é de esperar tamén un incremento do consumo interno.

En canto a actividades empresarias nas que se está a perceber oportunidades son:

SECTOR COMERCIO
Puntos de venda para a comercialización de produtos do sector agroalimentario
Puntos de venda de comercio de produtos personalizados
Comercio electrónico para desenvolvemento de novas canles de venda

Segundo a tendencia actual de emprendemento no sector, e recollida a información das fontes pódese prever que non se atope unha gran diferenza por xénero no perfil emprendedor.

3. SECTOR TIC

Analizando as oportunidades atopamos algunhas das actividades englobadas dentro do sector TIC, máis que son actividades transversais que darían servizos e xeradores de negocio para outras empresas.

¿En qué actividades se están a detectar oportunidades?

SECTOR TIC
Creación de contidos audiovisuais
Creación de páxinas web e apps
Asistencia e reparación a domicilio
Automatización de procesos de produción
Servizos de big data para empresa
Desenvolvemento de tecnoloxía propia para o sector agroalimentario

Nestas actividades, e polo marcada masculinización do sector TIC, estamos a falar de proxectos que estaría liderados por perfís máis masculinos, exceptuando as actividades de xeración de contidos, nas que sí hay unha maior taxa de emprendimento feminino.



Hai que destacar tamén o feito de que é un sector clave para tanto para o emprendimento nos xóvenes como para a continuidade no crecemento deste sector como xerador de emprego.

4. SECTOR INDUSTRIAL

Un sector, o industrial, para o que, segundo a información recollida nas fontes seleccionadas para este informe, se fai necesario un proxecto que permita o desenvolvemento e consolidación en Galicia. A carencia de chan industrial dispoñible supón a día de hoxe un bloqueo para a captación de novas empresas.

Ainda así, é un sector con importantes oportunidades, en especial naquelas actividades empresariais entorno ás tres indutrias estratéxicas de Galicia: sector textil, sector da automoción e sector madeireiro.

SECTOR INDUSTRIAL
Actividades de manipulación textil
Actividades de loxística
Actividades de transporte
actividades auxiliares de automoción

En canto ao perfil por xénero, no sector industrial si que se recolle unha maior diferenza, estando máis masculinizadas aquelas actividades relacionadas co sector da automoción, fronte ás actividades auxiliares do sector textil, que son máis marcadamente perfís femininos.





5. SECTOR TURISMO

En canto ás actividades empresariais con oportunidades no sector do turismo, atopamos unha clara diferenza entre os entornos do interior de Galicia e aqueles onde o seu recurso principal é o mar. Sumado a isto, ponse de manifesto a relevancia do Camiño de Santiago, como recurso primordial para a captación do turismo na rexión, así como da necesidade de mellorar a profesionalización dos servizos e de potenciar o nivel da oferta respondendo ás novas necesidades demandantes.

Así mesmo, o incremento do turismo nos últimos anos procedente do tráfico marítimo dos principais portos galegos foron sinalados polas fontes recollidas como posibles oportunidades xeradoras de negocio.

As principais actividades empresariais recollidas foron:

SECTOR TURISMO
Actividades turismo náutico
Actividades deporte activo
Viaxes personalizados
Servizos de guía

En canto a perfil empresarial non se recollen diferenzas por xénero.



6. SECTOR CONSERVEIRO

O sector conserveiro, un sector en auge na comarca de Barbanza así como nas comarcas limítrofes sitúano tamén como un sector a ter moi en conta como xerador tanto de oportunidades de emprendimento como de emprego.

SECTOR CONSERVEIRO
Servizos de manipulado de alimentos

7. SECTOR AGROALIMENTARIO E SOSTENIBILIDADE

O sector agroalimentario, enmarcado en entornos rurais de Galicia recóllese como outro dos sectores, especialmente en comarcas da provincia de Ourense e Lugo, como un sector con actividades con oportunidade de desenrolo.

Indícase como actividades propias do sector con proxección:

SECTOR AGROALIMENTARIO E SOSTENIBILIDADE
Actividades de produción de alimentos ecolóxicos
Actividades de xestión de viñas
Actividades de produción de aceite con plantación de oliveiras
Actividades de Elaboración de bebidas ecolóxicas
Actividades de Comercialización mercado exterior
Reciclaxe

8. SECTOR MADEREIRO

O sector madeiro, un dos sectores claves na economía galega conta en Galicia con recursos clave como valor para continuar na senda do crecemento. Aínda que é un sector clave para a comarca da Coruña, necesita de actividades clave que son máis propias de entornos rurais, e que se detectan como posibles focos a ter en conta.


SECTOR MADEREIRO
Actividades de plantación e mantemento de fincas



Trala investigación destas actividades empresariais con potenciais oportunidades de negocio, recollemos as competencias que complementarían os perfís profesionais necesarios para levar a cabo este tipo de proxectos:

Profesionais con formación técnica, tecnolóxica ou enxeñería e que posúan habilidades e competencias na área comercial, xestión e comunicación.

Así mesmo, se falamos de creación de emprego dentro destes sectores son perfís con formación en comercio e comercio exterior. Máis especificamente para o sector industrial búscase profesional cualificado con formación polivalente para diferentes postos de traballo.



A close-up, slightly blurred photograph of a person's hands sewing a piece of light-colored fabric on a wooden table. The person is wearing a light blue shirt. In the foreground, two spools of thread, one purple and one green, are visible. A blue rectangular overlay is positioned on the right side of the image, containing the number '10' and the text 'PROPOSTAS DE MELLORA'.

10

PROPOSTAS DE
MELLORA



10. PROPOSTAS DE MELLORA

Despois desta análise incorporamos propostas de mellora que contribúan a potenciar as necesidades para o aproveitamento destas oportunidades de negocio. Detéctanse oito áreas sobre as que establecer melloras co obxectivo dunh mellor potenciación das oportunidades detectadas.

As principais áreas sobre as que traballar son:

1. ASESORAMENTO E FORMACIÓN EMPRESARIAL
2. COORDINACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE
3. CULTURA DE EMPRENDEMENTO
4. CENTRALIZACIÓN ENTES EMPRESARIAIS
5. PROFESIONALIZACIÓN DE SECTORES
6. MELLORA DE ESPAZOS FÍSICOS
7. FINANCIACIÓN E FISCALIDADE
8. CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS
9. COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

1.- Propostas relacionadas co asesoramento e formación empresarial:

- Formación en competencias profesionais específicas propias da actividade
- Formación de plataformas que poidan xerar redes de equipo polivalentes
- Desenrolo de Programas de Formación especializados en habilidades e destrezas, como poden ser as dotes comerciais, a comunicación, o traballo en equipo, etc.

Con tal obxectivo establécense unhas competencias clave para os sectores emerxentes de emprendimento.

2.- Propostas relacionadas coa mellora da coordinación entre universidades e empresas:

- Desenrolo de Formación regulada adaptada ás novas oportunidades detectadas (sectores: téxtil, automoción, aeronáutico, agro alimentario, etc.)
- Mellorar a coordinación entre universidades e empresas, deseñando programas de formación práctica especializada nos sectores en auxe.



3.- Propostas relacionadas coa “cultura do emprendemento”

- Potenciar o emprendemento a través da educación / formación desde os primeiros niveis educativos.

4.- Propostas relacionadas coa centralización e unificación dos distintos entes relacionados co emprendimento:

- Centralización e unificación dos entes que ofrecen asesoramento ás persoas emprendedoras, sobre todo a xente nova.
- Simplificar os procedementos para a constitución e a supervivencia/ consolidación das empresas, impulsar a teletramitación e a coordinación interadministrativa, e garantir a unidade do mercado a nivel estatal.

5.- Propostas relacionadas coa profesionalización dos sectores en auxe:

- Potenciar a profesionalización do sector primario en entornos rurais.
- Potenciar a profesionalización do sector turístico en entornos rurais.
- Potenciar a profesionalización do sector comercio en entornos rurais.

6.- Propostas relacionadas coa mellora para os espazos físicos:

- Ampliación do chan industrial a baixo custo para a captación de empresas do sector industrial nas comarcas con potencial desenrolo.
- Potenciar a labor que fan os viveiros de empresas
- Mellorar as infraestructuras dos polígonos industriais ubicados fora das grandes urbes

7.- Propostas relacionadas coa mellora da financiación e a fiscalidade:

- Reducir os custos nos primeiros anos do emprendimento.
- Mellorar a financiación, tanto para pemes que estean a comezar, como para empresas consolidadas.
- Mellorar a flexibilidade de pagos.
- Mellorar os procesos e tempos de adxudicación e xustificación das subvencións

8.- Propostas relacionadas coa consolidación de empresas:

- Incrementar o apoio á consolidación empresarial.
- Incrementar o apoio á apertura de novos mercados

9.- Propostas relacionadas coa comunicación e a sensibilización:

- Medidas orientadas cara ao fomento da vocación emprendedora e da figura do empresario ou empresaria entre a sociedade, con campañas de sensibilización cidadá e información pública sobre o papel cruce da empresa na sociedade e a economía do país como eixo vertebrador e garante do benestar.
- Potenciar a comunicación do emprendemento responsable na sociedade.



11


BIBLIOGRAFÍA



11. BIBLIOGRAFÍA

1. Situación y perspectivas de la economía mundial 2017 – Naciones Unidas
2. Informe del Mercado Estatal de Trabajo 2017
3. Informe Empresas inscritas en la SS.SS. en feb 2017 – Ministerio de Empleo y Seguridad Social (MEySS)
4. Infoempleo Adecco 2016 – Adecco
5. Informe económico e de competitividade 2017 - Ardán
6. Informe Mundial GEM 2016
7. Informe Ejecutivo 2015 – Informe Mundial GEM
8. GEDI 2017-12-09
9. GEM España 2016
10. Informe Ejecutivo GEM Galicia 2015
11. Breve Reflexión sobre a economía de Galicia 2017 – Circulo de empresarios
12. Perfil emprendedor del estudiante universitario, Informe 2015. 2016 – Red Emprendia
13. Oportunidades de negocio en Europa 2016 – Confederación de empresarios de Galicia
14. Estrategia de emprendimiento y empleo joven 2013 -2016 - Ministerio de Empleo y Seguridad Social (MEySS)
15. Prospección de sectores generadores de empleo en el área metropolitana de A Coruña: TIC Y LOGÍSTICA 2017– Concello de A Coruña
16. IMPACTUR - Estudio del impacto económico del turismo sobre la economía y el empleo de Galicia, 2014 - Exceltur
17. Perspectivas de España 2017 - KPMG
18. Barómetro del clima de negocios en España 2017 – IESE Business School
19. Doing Business 2017 – Equal Opportunity for All - World Bank Group
20. Doing Business 2017 – Reforming to Create Jobs - World Bank Group







Unión Europea
Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro

Financiado por:

Fundación Incyde e Fondo Social Europeo, dentro do Programa Anima Galicia, Fomento do autoemprego e as iniciativas empresariais en Galicia 2017-2018